

Peter Pan nos xardíns de Kensington

James Matthew Barrié

Tradución de Irene Doval Marcos



I

A GRANDE VIAXE POLOS XARDÍNS

Comprenderedes que non sería doado seguir as aventuras de Peter Pan sen coñecer ben os Xardíns de Kensington. Están en Londres, onde vive o Rei, e eu adoito levar a David ata alí case todos os días (a menos que vexa que está claramente acatarrado). Ningún neno visitou todos os xardíns porque a hora de volver é demasiado cedo; e a razón pola que a hora de volver é tan cedo é que se sodes tan pequenos coma David, tedes que durmir de doce a unha. Se a vosa nai non estivera tan segura de que tedes que durmir de doce a unha, é posible que puiderades ver todos os xardíns.

Os xardíns lindan por un lado cunha interminable ringleira de autobuses sobre os que a vosa aia ten tanto poder que paran inmediatamente en canto ela levanta un dedo. Entón, ela cruza contigo con seguridade ata o outro lado.

Para entrar nos xardíns hai máis dunha porta, pero vós ides entrar por esta e antes de entrar ides falar coa muller dos globos, que senta na porta. Non ousa entrar máis aló porque, se deixase de agarrar as rexas só por un intre, os globos arrincarían do chan e sairía voando. Sempre está anicada porque os globos tiran dela e ten a cara rubia do esforzo. Unha vez veu unha nova porque a outra marchara e David tiña moita pena da vella pero quería tela visto marchar voando.

Os xardíns son un lugar inmenso, con centos e miles de árbores. O primeiro que ves son as Figueiras, pero é mellor non pararse moito aquí porque as Figueiras son unhas persoñas moi altivas ás que se lles prohibe mesturarse coa xente normal, e teñen ese nome, segundo a lenda, porque poñen roupas para figurar máis do que son. A estes presuntuosos, David e outros heroes chámanlles Figueiras. Para facervos unha idea de como é a súa zona dos xardíns, direivos que alí ao críquet lle chaman criquette.

Algunhas veces, unha figueira rebelde trepa polo enreixado e sae ao mundo, como a Señorita Mabel Grey, da que vos falarei cando cheguemos á porta da Señorita Mabel Grey. En realidade é a única figueira famosa.

Agora estamos no Paseo Principal, que é moito maior que outros camiños ao igual que o teu pai é máis grande ca ti. David pensaba se comezaría sendo un paseo pequeniño que foi crecendo e crecendo ata chegar a ser como é agora e se os outros camiños serán os seus fillos, e fixo un debuxo moi divertido do Paseo Principal levando un pequeno paseo nun carriño de bebé. No Paseo Principal está toda a xente que paga a pena coñecer e normalmente hai un adulto con eles para evitar que se boten na herba húmida ou para castigalos sentando nunha esquina do banco se tolearon ou foron Mary-Annish. Ser Mary-Annish é portarse coma unha nena, choromicando porque a aia non vos leva no colo ou chuchando no dedo e é un comportamento odioso. Pero tolear é dar patadas a todo e iso é divertido.

Se tivese que sinalar todos os lugares importantes do Paseo Principal, teríamos que dar a volta antes de chegar a eles, así que só vos sinalarei a árbore de Cecco Hewleet que é un lugar memorable no que un rapaz chamado Cecco perdeu o seu penique e ao ir buscalo atopou dous. Dende aquela haiche moita escavación nesa zona. Un pouco máis arriba está a Casiña de Madeira na que se agochou Marmaduke Perry. Non hai unha historia máis horrible que tivera lugar nos xardíns que a de Marmaduke Perry, que fora Mary-Annish tres días seguidos e fora sentenciado a ir ao Paseo Principal vestido coas roupas da súa irmá. Agachouse na casiña e negouse a saír ata que lle trouxeran os seus pantalóns.

Agora tentaredes ir ata a Poza Redonda, pero as aias ódiana porque non son moi valentes e faravos mirar para outro lado, cara a Gran Penny e o Pazo da Nena. Era a nena máis querida dos xardíns, e vivía nun pazo ela soa, con moitas bonecas, e cando a xente chamaba ao timbre, ela saía da cama aínda que foran máis das seis, acendía unha candea e abría a porta en camión e entón todos berraban “Salve, Raíña de Inglaterra!”. O que máis preocupaba a David era como sabía ela onde estaban os mistos. A Gran Penny é unha estatua dela.

Despois atoparedes o Outeiro, que é a parte do Paseo Principal onde teñen lugar as grandes carreiras. Mesmo aínda que non teñas a máis mínima intención de correr, cando chegas ao Outeiro é imposible non facelo. Ás veces parades cando só correstes a metade e entón perdédesvos; pero hai outra casiña de madeira por alí chamada a Casa dos nenos perdidos onde lle dicides ao home que vos perdestes e el vós atopa. É moi divertido

baixar correndo o Outeiro, pero non o podeades facer os días de vento porque entón non vos deixan vir. Daquela corren as follas secas na vosa vez. Non hai nada ao que lle guste tanto divertirse coma a unha folla seca.

Dende o Outeiro podeades ver a porta que leva o nome da Señorita Mabel Grey, a figueira da que vos prometera falar antes. Sempre tiña dúas aias con ela, ou polo menos unha aia e unha nai, e durante moito tempo fora a clase de nena que sempre tose fóra da mesa e saúda as outras figueiras cun “Como está vostede?” e o único xogo ao que xogaba era a tirar con xeito unha pelota ao aire para que a aia lla trouxera. Pero un día cansou de todo iso e toleou e, antes de nada, para demostrar que realmente toleara, desatou os cordóns dos zapatos e botou á lingua a todo o mundo. Despois saltou nun charco e bailou ata que a auga sucia escorregaba polo seu vestido e entón escalou o enreixado e tivo un montón de aventuras increíbles, das que quitar os zapatos foi das máis pequenas. Ao fin fuxiu pola porta que agora leva o seu nome e saíu ás rúas nas que David e máis eu nunca estivemos, aínda que as escoitamos ruxir, e aínda seguiu correndo e non houbese de volver nunca se non fose porque a súa nai subiu dun salto a un autobús para pillala. Disto hai moito tempo e esta non é a Mabel Grey que David coñece.

De volta ao Paseo Principal, atopamos á dereita o Paseo dos Cativos, que está tan cheo de carriños que poderías cruzalo dun lado a outro pisando bebés, pero as aias non deixan. Dende aquí hai un camiño chamado o Polgar de Polgariño, porque é así de pequeno, que leva á Rúa da Merenda, onde están as teteiras e as flores das castiñeiras caen na túa cunca mentres bebes. Os nenos comúns tamén merendan aquí e as flores das castiñeiras tamén caen nas súas cuncas.

A continuación está o Pozo de San Govor, que estaba cheo de auga cando Malcolm o intrépido caeu nel. Era o neno bonitiño da súa nai e deixáballe que o apertase en público porque era viúva, pero tamén lle encantaban as aventuras e gustáballe xogar cun limpachemineas que matara moitos osos. O limpachemineas chamábase Borrallento e un día cando estaban a xogar preto do pozo, Malcolm caeu dentro e houbo de afogar se Borrallento non se botase na auga para o salvar. E a auga limpou a Borrallento e resultou ser o pai de Malcolm que levaba moito tempo desaparecido. Así que Malcolm non deixou que a súa nai lle dera máis apertas.

Entre o pozo e a Poza Redonda teñen lugar os partidos de críquet e normalmente leva tanto tempo escoller os bandos que ao final case non hai partido. Todo o mundo quere golpear primeiro e despois saír correndo a menos que te enfrontes a eles, e mentres pelexades, xa os demais marcharon xogar a outra cousa. Nos xardíns hai dous tipos de críquet: o de rapazas e o de rapaces. O de rapaces é o críquet de verdade, cun bate, e o de rapazas é cunha raqueta e coa aia. As rapazas realmente non poden xogar ao críquet e cando vedes os seus esforzos inútiles non podedes deixar de vos mofar. Porén, houbo un terrible incidente un día cando algunhas rapazas retaron ao equipo de David e unha estraña criatura chamada Angela Clare fixo tantos puntos que... En fin, en vez de vos contar o resultado de tan lamentable partido, imos ir correndo á Poza Redonda, que é o eixo central dos xardíns.

É redonda porque está xusto no medio dos xardíns, e cando por fin chegas a ela non queres ir máis alá. Na Poza Redonda é imposible portarse ben por moito que o intentes. Podes portarte ben no Paseo Principal, pero non na Poza Redonda porque alí esqueceste e cando te lembrás xa estás completamente mollado.

Hai homes que botan os barcos na Poza Redonda, barcos tan grandes que os traen en carretas, e algunhas veces nos carriños dos nenos e estes teñen que camiñar. Os nenos que teñen as pernas encurvadas son os que tiveron que camiñar demasiado cedo porque os seus pais precisaban os seus carriños.

Sempre estades coa teima de que queredes ter iates e navegar na Poza Redonda, e ao final os vossos tíos vos regalan un e o primeiro día cando o levades á poza é xenial e podedes falar cos outros nenos que non teñen tíos tan espléndidos coma o voso, pero logo o queredes deixar na casa. Porque a mellor embarcación que se desliza pola Poza Redonda é a que chaman Barco Pauciño, porque é como un pau ata que o metedes na auga e suxeitades coa corda. Despois, cando dades voltas á poza tirando da corda, vedes a uns homiños na cuberta e as velas ízanse e cazan unha brisa e lévanvos a noites sucias en portos acolletores que non coñecen os iates dos señores. A noite pasa nun chiscar de ollos e de novo estades coa fronte ao vento, as baleas botan auga e deslízadesvos sobre cidades somerxidas, tedes encontros con piratas e botades a áncora nas illas de coral. Mentres esta aventura ten lugar, sodes nenos solitarios, xa que dous nenos non poden

aventurarse xuntos máis aló da Poza Redonda e mesmo aínda que faledes con vós mesmos durante a viaxe, dando ordes e executándoas, cando é hora de volver para casa non sabes onde estiveches ou que foi o que fixo que as velas se incharan. O voso amado tesouro está ben pechado na adega para ser, quizais, aberta por outro neno moitos anos despois.

Pero os iates teñen as adegas valeiras. A alguén lle asaltan as lembranzas da xuventude por ver o iate co que adoitaba navegar? Non. É o Barco Pauciño o que queda fixado na memoria. Os iates son xoguetes e o seus posuidores mariñeiros de auga doce. Só poden sucular unha e outra vez a poza, mentres que o barco de pau vai ata o mar. Vós, homes dos iates coas vosas guías que pensades que todo o mundo está a mirar para vós: os vosos barcos son meros accidentes neste lugar e cando todos eles sexan abordados e afundidos polos parrulos, a Poza Redonda volverá á súa vida de sempre.

Os camiños chegan en tropel de todas as partes coma os cativos. Algúns deles son camiños ordinarios, que teñen unha varanda ao lado e están feitos polos homes que sacaban os abrigos para traballar, pero outros son vagabundos, largos nun punto e tan estreitos noutro que non se cabe neles. Son os Camiños que se Fixeron a si Mesmos, e David e máis eu desexariamos velos facerse. Mais, coma todas as cousas maravilosas que acontecen nos xardíns, pensamos que acontece de noite, cando as portas están pechadas. Tamén chegamos á conclusión de que os camiños se fan a si mesmos porque é a única forma que teñen de chegar á Poza Redonda.

Un destes camiños furavidas vén de onde se lle corta a la ás ovellas. Cando David foi cortar os rizos, segundo me teñen dito, despediuse deles sen ningún tremor, aínda que a súa nai non volveu ser a mesma criatura brillante dende entón, e por iso despreza ás ovellas que escapan do tosquiador e bérralles “Covardes! Mexericas!”. Pero cando o home as atrapa entre as pernas, David érguelle o puño por usar unhas tesoiras tan grandes. Outro momento emocionante é cando o home lles quita a la do lombo e de súpeto parecen damas na platea dun teatro. Que as tosquén asusta tanto ás ovellas que quedan brancas e esmirradas e logo de quedar libres, comezan a rumiar na herba rapidamente, con ansiedade, como se pensarán que nunca ían merecer que as comesen. David pregúntase se saberán quen son agora que son tan diferentes ou pelexarán coa que non é. Son unhas grandes loitadoras, moi distintas ás ovellas de campo, e cada ano

danlle un bo susto ao meu San Bernardo, Porthos. Pode facer fuxir unha manada enteira de ovellas de campo só con aparecer, pero estas ovellas de cidade veñen cara a el sen ningún coidado e unha morriña de tempos pasados sacode a Porthos. Non se pode retirar con dignidade así que para e fai coma se estivese distraído admirando a paisaxe e afástase trotando con fina indiferenza mentres mira para min de esguello.

Aquí comeza a Serpentina. É un lago encantador e ten un bosque afundido dentro. Se miras dende a ponte podes ver as árbores a crecer dentro e din que de noite hai tamén estrelas afundidas alí. Se así é, Peter Pan ve esas estrelas cando atravesa o lago no seu niño de tordo. Só unha pequena parte da Serpentina está nos xardíns, porque pasa por debaixo da ponte e se afasta ata a illa onde nacen os nenos e nenas. Ningún humano, excepto Peter Pan (e só é medio humano) pode estar na illa, pero podedes escribir o que queredes (neno ou nena, louro ou mouro) nun anaco de papel e facer con el un barquiño e poñelo na auga para que chegue pola noite á illa de Peter Pan.

Agora estamos camiño da casa, aínda que, por suposto, é imposible ir a tantos sitios nun só día. Tería que levar no colo a David todo o tempo e descansar en cada banco coma o vello Señor Salford. Chamámolo así porque sempre está a falar dun lugar encantador chamado Salford que é onde naceu. Era un vello rosmón que andaba todo o día polos xardíns dun asento a outro, tratando de coincidir con alguén que coñecese a cidade de Salford, e cando xa había un ano que o coñeciamos, atopamos outro vello solitario que unha vez pasara a fin de semana en Salford. Era un home tímido e afable que tiña o seu enderezo dentro do sombreiro e estivese na parte de Londres que estivese, sempre tomaba a Abadía de Westminster coma punto de partida. Levámolo triunfantes ata o noso amigo a contarlle o da fin de semana e nunca esqueceremos a ledicia coa que o señor Salford o recibiu. Dende entón son bos amigos e decatámonos de que o señor Salford, que normalmente é o que fala todo o tempo, agarra con forza o abrigo do outro vello.

Os últimos dous lugares polos que pasamos para chegar ata a nosa porta son o Cemiterio de Cans e o niño da carballuda, pero facemos como que non sabemos o que é o Cemiterio de Cans porque Porthos está sempre con nós. O do niño é moi triste. É branco e o xeito en que o atopamos foi increíble. Estabamos a botar unha ollada nos arbustos na procura do abrigo de David e, no canto do abrigo, atopamos un pequeno

niño con catro ovos, con riscos que semellaban a escritura de David, así que pensamos que debían ser cartas de amor da nai aos pequenos que estaban dentro. Todos os días iamos ver o niño, tendo coidado de que non nos vise ningún neno cruel e lanzabamos migas de pan e logo o paxaro soubo que eramos amigos e sentaba no niño a mirarnos cos seus ombros envorcados cara arriba. Pero un día cando fomos só había dous ovos no niño e á vez seguinte xa non había ningún. O máis triste é que a pobre carballuda buscaba nos arbustos mirándonos con reproche coma se pensara que era culpa nosa e, aínda que David lle intentou explicar que non era así, había tanto tempo dende que falara a lingua dos paxaros que temo que a carballuda non nos entendeu. Aquel día deixamos os xardíns con bágoas nos ollos.

II

PETER PAN

Se preguntades ás vosas nais se sabían algo de Peter Pan cando era cativas, diranvos: “Home, non vou saber!” e se lle preguntades se daquela xa ía en cabra, diranvos “Abofê que ía”. E se preguntades ás vosas avoas se sabían algo de Peter Pan cando eran cativas, diranvos: “Home, non vou saber!”, pero se lles preguntades se daquela xa ía en cabra, diranvos que nunca escoitaran nada diso. Pode que o esqueceran ao igual que esquecen os vosos nomes e vos chaman Milderd, que é o nome da vosá nai. Porén, non poderían esquecer algo tan importante coma unha cabra, polo que é de supoñer que non había cabra cando as vosas avoas era cativas. Isto demostra que comezar a contar a historia de Peter Pan pola cabra, como fai a maioría da xente, é unha parvada coma pór a chaqueta antes do chaleco.

E demostra tamén, por suposto, que Peter Pan é moi vello, aínda que ten sempre a mesma idade. Ten unha semana e, aínda que naceu hai tanto, nunca tivo un aniversario e non ten a máis mínima posibilidade de o ter porque fuxiu da vida de humano cando tiña sete días. Fuxiu pola xanela e voou de volta aos Xardíns de Kensington.

Se pensas que é o único cativo que quixo fuxir é que xa non lembrás os teus primeiros días. A primeira vez que David escoitou esta historia, estaba seguro de que el nunca tentara fuxir, pero lle dixen que o pensara de novo, premendo coas mans moi forte nas tempas, e despois de moito esforzo, lembrou un xuvenil desexo de volver ás copas das árbores e con esa lembranza viñeron outras, coma os plans de fuxir en canto a súa nai quedase durmida e como unha vez o atopara trepando pola cheminea. Todos os nenos terían lembranzas coma esas se pcomesen moi forte as tempas coas mans, porque, ao ser paxaros antes que humanos, as primeiras semanas son salvaxes por natureza e próenlles os ombros onde adoitaban ter as ás. É o que dixo David.

Teño que vos explicar como contamos as historias: Primeiro eu cóntolla a David, e despois el cóntama a min coma el a entendeu, que é un pouco diferente, e despois eu vólvolla contar con todo o que el engadiu e así ata que non sabemos se a historia e máis

súa ou miña. Nesta historia de Peter Pan, por exemplo, a narrativa aloucada e a maioría das reflexións morais son miñas, aínda que non todas porque este rapaz pode ser un duro moralista, pero os anacos interesantes sobre os costumes dos cativos e a época de paxaro son na súa maioría cousas que David lembrou premendo coas mans nas tempas e cavilando moito.

Pois ben, Peter Pan saíu pola xanela que non tiña barrotes. Dende a cornixa podía ver as árbores ao lonxe, que eran sen dúbida os Xardíns de Kensington, e dende o mesmo momento en que os viu, esqueceu que agora era un cativo en pixama e voou sobre as casas ata os xardíns. É increíble que puidese voar sen ás, pero lle proía moito onde debían estar e quizais todos poderíamos voar se estivésemos tan completamente seguros de poder facelo como estaba o intrépido Peter Pan aquela noite.

Posou ao aire libre, entre o Pazo da Nena e a Serpentina e o primeiro que fixo foi estomballarse de costas e dar patadas ao aire. Xa case non lembraba que fora humano e pensaba que era un paxaro tamén fisicamente, igual que nos seus primeiros días. Cando tentou pillar unha mosca non comprendeu que a razón pola que lle escapou foi porque quixera pillala coa man, cousa que, por suposto, ningún paxaro faría. Con todo, si se decatou de que debía ser a Hora do Peche porque había moitas fadas ao redor, demasiado ocupadas para fixarse nel. Estaban a preparar o almorzo (muxindo as vacas, sacando auga e esas cousas) e ao ver os cubos de auga sentiu que tiña moita sede. Así pois, voou ata a Poza Redonda, onde posou e meteu o seu peteiro na auga. Por suposto, aínda que el pensaba que era o seu peteiro, era só o seu nariz e, polo tanto, colleu moi pouca auga e non lle sentou tan ben coma sempre, así pois foi probar nun charco e deu cos fociños nel. Cando un paxaro de verdade cae nun charco, estende as súas ás para que sequen, pero Peter non era quen de lembrar que era o que tiña que facer, así que decidiu ir botar ao salgueiro chorón do Paseo dos Cativos.

De primeiras, tivo algunhas dificultades para manter o equilibrio nunha pola, pero logo lembrou como se facía e quedou durmido. Espertou moito antes do amencer, tremendo e dicíndose “Nunca estivera fóra nunha noite de tanto frío”. Por suposto que estivera fóra en noites máis frías cando era un paxaro, pero, como todo o mundo sabe, o que lle parece unha noite quentiña a un paxaro, pode ser unha noite moi fría para un neno en

pixama. Ademais, Peter estaba como incómodo e pesáballe a cabeza. Escoitou uns sons tan fortes que lle fixeron virarse de súpeto, aínda que os sons os facía el ao esbirrar. Había algo polo que el devecía pero, aínda que sabía que devecía, non podía lembrar polo que. O que el quería era que a súa nai lle limpase os mocos, pero non caeu na conta, así que decidiu iralles preguntar ás fadas, que tiñan fama de ser moi sabias.

Viu dúas a pasear polo Paseo dos Cativos collidas pola cintura e saltou para falar con elas. As fadas adoitan rifar cos paxaros, pero tamén adoitan responder educadamente cando se lles pregunta con educación. Por iso molestoulle tanto que marcharan voando en canto o viron.

Outra estaba colgada dunha cadeira de xardín a ler un selo de correos que se lle caera a algún humano e así escoitou a voz de Peter, buliu a se esconder baixo un tulipán.

Para a súa sorpresa, Peter descubriu que canta fada atopaba fuxía del. Un grupo de traballadores que estaban a serrar un cogomelo, saíron a fume de carozo deixando as ferramentas detrás. Unha leiteira deitou o leite e agachou baixo o cubo. O balbordo apoderouse dos xardíns. Montes e moreas de fadas corrían dun lado para outro, preguntando con berros quen tiña medo. Apagaron as luces, fixeron barricadas e un redobre de tambores irrompeu dende os xardíns do Pazo da Raíña Mab demostrando que se chamara á garda real. Un rexemento de lanceiros cargaron polo Paseo Principal armados con follas de acivro coas que arremetían contra o inimigo ao pasar. Peter escoitou por todas partes os berros da xente miúda que dicía que había un humano nos xardíns despois da Hora do Peche, pero non se lle pasou pola cabeza que o humano puidese ser el.

Cada vez sentíase peor e tiña máis ganas de saber que era o que quería facer co seu nariz, pero preguntaba en van porque as tímidas criaturas fuxían del. Mesmo os lanceiros, cando os atopou no Outeiro, viraron as costas e foron cara á beirarrúa dicindo que o viran por alí. Desesperado coas fadas, decidiu preguntar aos paxaros, pero entón lembrou, como algo curioso, que os paxaros do salgueiro chorón tamén voaran cando el se pousara nel, e aínda que no momento pensou que non tiña importancia, agora vía o que significaba: todo ser vivo fuxía del. Pobre Peter Pan! Sentou no chan e chorou e nin daquela se decatou de que para ser un paxaro non sentara como debía. E menos mal que

non se decatou, porque entón perdería a fe na súa capacidade de voar, e no momento en que dubidas se podes voar, deixas para sempre de poder facelo. A razón pola que os paxaros poden voar é simplemente que teñen unha fe cega, porque ter fe é ter ás.

E non había forma de chegar á illa da Serpentina se non era voando, xa que os barcos dos humanos teñen prohibido aportar alí e hai estacas que saen da auga todo ao redor onde senta o paxaro sentinela día e noite. E a esa illa voou Peter para lle expoñer o seu problema ao corvo Salomón. Cando aterrou na illa, sentiuse moito máis aliviado de sentirse na casa, como chaman os paxaros á illa. Todos estaban durmidos, mesmo o sentinela, agás Salomón que estaba ben esperto e escoitou atentamente as aventuras de Peter e explicoulle o que querían dicir.

-Mira o teu pixama, se non me cres -dixo Salomón. E Peter mirou estrañado ao seu pixama e despois aos paxaros que estaban a durmir. Ningún deles levaba pixama.

-E cantas das túas puntas dos pés son dedas? -dixo Salomón dunha forma un pouco cruel. Peter mirou e viu que todas as puntas dos seus pés eran dedas. A sorpresa foi tan grande que se lle esqueceu o frío.

-Sacode as túas plumas -dixo cun sorriso irónico o vello Salomón, e Peter tentou desesperadamente sacudir as súas plumas, aínda que non tiña ningunha. Ergueuse tremendo e por primeira vez dende que estivo na cornixa da xanela lembrou unha muller que lle quería moito.

-Penso que debería volver con miña nai.... -dixo timidamente.

-Que che vaia ben -contestou Salomón mirándoo un pouco raro.

Pero Peter dubidaba.

-Por que non marchas? -preguntoulle o vello con educación.

-Supoño... Supoño... que aínda podo voar... -preguntou Peter cun fío de voz.

Vedes? Perdera a fe.

-Pobre, metade disto e metade daquilo! -dixo Salomón, que en realidade non tiña bo corazón -Nunca poderás volver voar, nin nos días con máis vento. Terás que vivir sempre na illa.

-E non volver xamais aos Xardíns de Kensington? -preguntou Peter moi triste.

-E como ías chegar?

Prometeulle, así a todo, ensinarlle todo o que puidese aprender, cunha forma tan estraña, dos xeitos dos paxaros.

-Entón nunca serei un humano? -preguntou Peter.

-Non.

-E nunca serei un paxaro? -volveu preguntar Peter.

-Nunca.

-E que vou ser?

-Serás un Metade disto e metade daquilo –dixo Salomón. E tiña moita razón, porque foi xusto no que se converteu.

Os paxaros da illa nunca se afixeron a el.

As súas rarezas chistábanlle todos os días coma se foran novas, aínda que eran os paxaros os que eran novos. Cada día saían dos ovos e mofábanse del, e así sempre. As nais paxaro, cando cansaban de estar sobre os ovos, tentaban convencer aos pequenos de que rompesen o cascallo murmurándolle que se saían poderían ver a Peter Pan a lavar ou a comer ou a beber. Miles de paxariños ían cada día ao seu redor para velo facer esas cousas, do mesmo xeito que vós mirades para os pavóns, e berraban de xúbilo

cando collía as codias que lle lanzaban coas mans en vez de co peteiro. Salomón ordenara que os paxaros trouxeran comida dos xardíns para Peter. Peter non comía insectos nin vermes (o que era unha parvada pola súa parte) así que lle levaban pan nos peteiros. E por iso, non lle deberías berrar “Paxaro larpeiro!” se ves a un levando un anaco de codia moi grande, por se é que llo está a levar a Peter Pan.

Agora Peter xa non levaba pixama. É que veredes, os paxaros sempre estaban a arrincarlle anacos para poñer nos niños e, como Peter era tan bo, non era quen de se negar, así que Salomón aconselloulle que gardase o que quedaba.

Normalmente era un rapaz ledo e rebuldeiro, e era así porque Salomón cumprira coa súa promesa e ensinálle moitos dos xeitos dos paxaros. A contentarse con pouco, por exemplo, e a estar sempre a facer algo e pensar que o que estás a facer é moi importante. Peter Pan volveuse moi espelido á hora de axudar aos paxaros a construír os seus niños. Logo foi mellor construtor que as pombas e mesmo case mellor que o merlo, aínda que os pardais nunca estaban satisfeitos. Tamén facía pequenos e bonitos bebedeiros preto dos niños e cazaba vermes cos seus dedos para os máis cativos. Tamén aprendeu moito das tradicións dos paxaros e aprendeu a distinguir un vento do leste dun do oeste polo cheiro, e puido ver a herba crecer e escoitar aos insectos falar dentro dos troncos. Pero o mellor que fixo Salomón foi ensinarlle a ter un corazón ledo. Todos os paxaros teñen o corazón ledo a menos que lles rouben os niños ou cousas así, e como era a única clase de corazón que Salomón coñecía, foille moi doado ensinarlle a Peter a telo tamén.

Peter tiña o corazón tan ledo que sentía que podería cantar todo o día, do mesmo xeito que os paxaros cantan de pura ledicia, mais, ao ser medio humano, precisaba dun instrumento, así que fixo unha frauta con xuncos e adoitaba sentar na costa da illa á noitiña e practicar o son do vento e a auga e coller pequenos anacos de luar e poñelos na súa frauta e entoalos tan ben que mesmo os paxaros quedaban engaiolados e dicían uns aos outros “Foi un pez a saltar na auga ou foi Peter tocando coa frauta un pez que saltaba na auga?”. E ás veces tocaba o nacemento dos paxaros e as nais tiñan que se revirar nos niños para ver se puxeran un ovo. Se sodes nenos dos xardíns, coñeceredes a castiñeira que hai preto da ponte e que é a primeira que ten flor, pero igual non sabedes a que se debe: é porque Peter Pan ten tantas ganas de que chegue o verán que toca coa frauta que xa veu e como a castiñeira está tan preto, escóitao e engánase.

Pero ás veces cando Peter sentaba na costa a entoar esas preciosas melodías coa súa frauta, os pensamentos tristes asaltábano e entón a música tamén se volvía triste. E a razón de tanta tristura é que non podía chegar ata os xardíns, mesmo cando os podía ver por debaixo da ponte. Sabía que xa non podería ser un humano de verdade, case nin quería ser un, pero... Como devecía por xogar coma os outros nenos! E non hai mellor lugar para xogar que os xardíns. Os paxaros traíanlle novas de como xogaban os nenos e as nenas e dos ollos de Peter comezaban a caer bágoas.

Seica vos preguntades por que non nadou. Porque non sabía nadar. Quería saber como nadar, pero ninguén na illa sabía, agás os parrulos, e eran tan parvos...! Tentábanlle ensinar, pero todo que dicían era “Sentas sobre a auga así, e entón das patadas así”. Peter Pan probaba de cando en vez, pero antes de dar a primeira patada afundía sempre. O que el precisaba era saber como sentar sobre a auga sen afundir e eles dicían que lles era imposible explicar algo tan sinxelo coma iso. Ás veces, os cisnes ían ata a illa. Dáballes toda a comida do día e entón preguntáballes como sentar na auga, pero logo de se decatarse de que non tiña máis para darlles, esas criaturas odiosas rosmaban e marchaban.

Unha vez pensou que dera co xeito de chegar aos xardíns. Unha marabillosa cousa branca, coma un anaco de xornal ao vento, flotou sobre a illa antes de caer e caer coma se fose un paxaro cunha á rota. Peter estaba tan asustado que foi agacharse, pero os paxaros lle dixeron que só era un papaventos, e o que era un papaventos e que este debía de terse desatado do brazo dalgún neno e fuxido. Despois, mofábanse de que Peter lle tivese tanto cariño ao papaventos. Queríao tanto que mesmo durmía con el na man e eu penso que iso é bonito e triste, porque a razón pola que o quería tanto era que pertencera a un neno de verdade.

Aos paxaros parecíalles unha parvada, pero os máis vellos lle estaban moi agradecidos a Peter porque coidara de moitos cativos cando tiveron a rubéola e ofrecéronse a mostrarlle como os paxaros fan voar os papaventos. Así que seis deles colleron o final da corda nos peteiros e voaron con ela, e para a sorpresa de Peter o papaventos voou mesmo máis alto que os mesmos paxaros.

Peter berraba “Outra vez!” e de boa gana o fixeron unhas cantas veces, pero el no canto de dar as grazas, seguía a berrar “Outra vez, outra vez!”, o que demostra que non esquecera de todo que fora un neno.

Finalmente, cun grande desexo queimándolle o seu valente corazón, suplicoulles que o fixeran unha vez máis con el agarrado á cola. Centos de paxaros voaron tirando da corda, e Peter agarrou a cola, pensando saltar cando estiveran sobre os xardíns, pero o papaventos rompeu en mil anacos no aire e el caeu na Serpentina e tería afogado se non fose porque lles botou man a dous indignados cisnes e fíxolles levalo de novo ata a illa. Despois daquela, os paxaros dixeron que non lle volverían axudar na súa tola aventura.

Mais Peter chegou finalmente aos xardíns grazas ao barco de Shelley, como agora veredes.

III

O NIÑO DE TORDO

Shelley era un cabaleiro e tan adulto coma del cabía esperar. Era un poeta, e os poetas nunca son exactamente adultos. Son xente que despreza o diñeiro, agás o que precisan para o día a día, e este sempre levaba cinco libras de máis no peto. Así que, un día cando estaba a pasear polos Xardíns de Kensington, fixo un barco de papel cun billete e botouno a navegar pola Serpentina.

Pola noite chegou á illa e o sentinela levouno ao Corvo Salomón, que ao principio pensou que era o de sempre, unha mensaxe dunha dona a lle dicir que lle agradecería moito que lle enviase un dos paxaros convertido nun neno dos bos. Elas sempre pedían “un dos bos” e se a el lle gustaba a carta mandáballes un da Clase A, pero se non lle gustaba, mandaba aos máis trastes. Algunhas veces non mandaba ningún e outras mandaba un niño enteiro, todo dependía do humor que tivese. Quere que llo deixes todo a el, e se lle dis que agardas que se asegure de que esta vez sexa un neno, case seguro que che manda outra nena. E se es unha dona cun cativo que quere unha irmanciña, ten coidado de escribir o teu enderezo claramente. Non sabes a cantidade de nenos que enviou Salomón ás casas equivocadas!

Cando abriu o barquiño de Shelley, Salomón quedou moi sorprendido e pediu consello aos seus asistentes, que camiñaron sobre el dúas veces, unha coas punteiras cara a fóra e outras dúas coas punteiras cara a dentro. Finalmente, decidiron que debía de ser dalgunha persoa moi avariciosa que quería cinco. Chegaron a esa conclusión porque tiña un 5 moi grande impreso nel. “Que prepotente!” berrou enfadado Salomón e deullo a Peter; todo o que era inútil e chegaba á illa dábaselle a Peter para que xogase.

Pero el non xogou co seu precioso billete porque soubo de primeiras o que era porque fora moi observador durante a semana que era un neno normal. Con tantos cartos, pensaba, seguramente podería contribuír a enriquecer xardíns, e pensou en todas as formas posibles e decidiu (sabiamente, penso eu) elixir o mellor modo.

Pero, primeiro, tívollles que dicir aos paxaros o valor do barco de Shelley e, aínda que foron suficientemente honestos para non reclamalo de volta, soubo que estaban enfadados e miraban irritados a Salomón, que adoitaba estar moi orgulloso dos seus coñecementos, ata que o fixeron voar ao outro lado de illa, onde sentou moi triste coa cabeza enterrada baixo as ás. Agora, Peter polo menos sabía que, a menos que tiveras a Salomón ao teu favor, nunca conseguirías nada na illa, así que o seguiu para tentar animalo.

Pero non foi só iso o que fixo para gañar a poderosa simpatía do vello camarada. Debedes saber que Salomón non tiña intención ningunha de estar de servizo toda a súa vida. Pensaba retirarse pouco a pouco e dedicar a súa época dourada a unha vida de pracer nun teixo que lle gustaba de entre as Figueiras e, durante anos, estivera a encher un calcetín que algún día pertencera a un bañista que o esquecera na illa e daquela contiña cento oitenta migas, trinta e cinco noces, dezaseis codias de pan, unha recarga de bolígrafo e un cordón de zapato. Salomón calculaba que cando o calcetín estivese cheo se podería retirar cunha boa pensión. Así que Peter deulle unha libra cortando o seu billete cun pequeno pau.

Isto converteu a Salomón no seu amigo incondicional e decidiron xuntos que tiñan que se reunir cos tordos. E verás porque precisamente os tordos.

O plan que lles ían a presentar era en realidade de Peter, pero foi Salomón o que deu a maior parte do discurso, porque se irritaba moi facilmente cando eran outros os que falaban. Comezou dicindo que estaba moi impresionado polo grande enxeño que mostraban os tordos na construción de niños, o que os afagou, que era do que se trataba. Dixo que de todos os tipos de paxaros eran os que mellor construían os niños. Outros paxaros, seguía Salomón, esquecían reforzar os niños con barro e por iso non podían conter auga. Ao chegar a este punto eles sacudiron as cabezas como se fora un argumento irrefutábel, pero, desafortunadamente, unha tal Señora Carballuda que non fora invitada á reunión escoitouno e berrou “Non construímos os niños para conter auga, senón para conter ovos” e entón os tordos deixaron de sorrir e Salomón quedou tan perplexo que tivo que beber seis sorbos de auga.

-Pero pensa... que o barro fai o niño moito máis morno -dixo por fin.

-Pensa -berrou a Señora Carballuda -que cando a auga entra no niño queda alí, os nosos pequenos afogan.

Os tordos miraban suplicantes a Salomón, esperando que tivera unha boa resposta para iso, pero el seguía perplexo.

-Precisas outro trago? -suxeriu con retranca a Señora Carballuda. Chamábase Kate e todas as Kates son moi insolentes.

Salomón deu outro trago e sentiuse inspirado e dixo:

-Se un niño de carballuda cae na Serpentina rompe en mil anacos, pero o niño de tordo permanece seco coma un oco nas costas dun cisne.

Como aplaudiron os tordos! Agora entendían porque recubrían os seus niños con barro e cando a Señora Carballuda chistou “Nós non poñemos os niños na Serpentina” fixeron o que tiñan que ter feito dende o principio e botárona fóra da reunión. Despois volveu a calma. A razón pola que os reuniran, dixo Salomón, era a seguinte: O seu pequeno amigo, Peter Pan, como todos sabían, tiña moita gana de cruzar aos Xardíns e o que lles propuña era axudalo construindo un bote.

Entón os tordos comezaron a rosmar, o que fixo que Peter tremese preocupado polo seu plano.

Salomón explicoulles rapidamente que non se refería a un deses barcos grandes que usan os humanos, senón que o bote proposto era simplemente un niño de tordo grande dabondo para que coubese Peter.

Pero aínda así, para agonía de Peter, os tordos non estaban convencidos.

-Somos xente moi ocupada – rosmaban –E Iso sería moito traballo.

- Un pouco –dixo Salomón- E, por suposto, Peter non vós vai deixar traballar en balde. Tedes que lembrar que agora ten unha posición acomodada e pagaríavos salarios

maiores dos que tendes recibido nunca. Peter Pan autorizoume a dicir que vos pagará seis peniques por día.

Entón todos os tordos berraron de ledicia e ese mesmo día comezou a celebrada Construción do Bote. Todas as tarefas diarias quedaron relegadas. Era esa época do ano na que deberían emparellarse, pero non se construíu nin un só niño de tordo agás o grande e Salomón quedou tan curto de tordos que non podía cubrir a demanda de terra firme. Os nenos robustos e con debilidade polas lambetadas, que quedan tan ben nos seus carriños pero quedan sen folgos en canto dan dous pasos, foron pequenos tordos, e as mulleres ás veces pedían deses. E que pensades que fixo Salomón? Mandou chamar aos pardais e ordenoulles que puxeran os ovos nos niños dos tordos. Enviáballos ás mozas asegurándolles que eran tordos. E ese ano foi coñecido como o Ano do Pardal. E por iso, cando vedes vellos que se inchan coma se fosen meirandes do que son, é probable que naceran nese ano. Preguntádelles.

Peter era un patrón xusto e pagáballes os seis peniques cada tarde. Permanecían en ringleiras nas pólas e esperaban educadamente a que cortase os seis peniques de papel do seu billete e entón chamaba lista e cada un voaba ata el e dáballes os seis peniques. Era digno de ver.

E por fin, tras meses de traballo, remataron o bote. Que contento estaba Peter ao velo crecer máis e máis para tomar a forma dun grande niño de tordo! Dende o comezo da construción, durmiu dentro e de cando en vez espertaba e dicíalle cousas bonitas e cando estivo recuberto de barro e secou, el durmía xa sempre na auga. Durmía aniñado no seu niño, e estaba fascinado do redondo que era e porque era xusto grande dabondo para que se puidese encoller confortablemente coma un michiño. Por dentro era marrón, por suposto, pero por fóra era maiormente verde, tapizado con herbas e ramiñas e cando secaban ou rompían, púñanse unhas novas. Tamén tiña algunhas plumas por alá e por acá, que se lle ían caendo aos tordos mentres o construían.

Os outros paxaros tiñan moitos celos e dicían que o barco non aguantaría na auga, pero aguantaba moi ben. Dicían que auga ía entrar, pero non entraba. Despois dixeron que Peter non tiña remos e fixo que os tordos se mirasen con desánimo, pero Peter contestoulles que non precisaba remos porque tiña unha vela e, con moito aparato, sacou

unha vela que fixera co seu vello pixama e, mesmo parecendo aínda un pixama, facía unha vela moi xeitosa.

E esa noite, coa lúa chea, cando todos os paxaros durmían, entrou no seu pequeno niño (como diría a Mestra Francis a Fermosa) e partiu da illa. Ao principio, non sabía por que, miraba para diante, coas mans entrelazadas, e dende aquel intre os seus ollos apuntaron ao oeste.

Prometera aos tordos que comezaría por facer viaxes pequenas e guiado por eles, pero tan logo que viu os Xardíns de Kensington a facerlle acenos por baixo da ponte, non puido esperar máis. Acorou e xa nunca mirou atrás. Estaba tan entusiasmado que non tiña medo no corpo. Era Peter o derradeiro gran mariño inglés que navegara cara ao oeste para se enfrontar co descoñecido?

Ao principio o seu bote deu voltas e reviravoltas e volvía ao lugar do que partira, onde el abriu a vela estirando unha das mangas, pero foi perigosamente levado en dirección contraria por un refacho.

Entón soltou a vela e foi empurrado cara á orela oposta, onde había negras sombras que non eran perigosas, pero das que había que desconfiar e, unha vez máis, estendeu o seu pixama para se afastar das sombras, ata que encontrou un vento favorable que o levou cara ao este mais a tal velocidade que case choca contra a ponte.

Por fin, tras pasar baixo da ponte, viu, para a súa ledicia, todo o esplendor dos xardíns. Pero cando tentou botar a áncora, que era unha pedra no cabo dun papaventos, non tocou fondo e tivo que buscar onde amarrar. E o tentear o chan, foi e chocou cun arrecife e como non o esperaba case cae do barco, pero conseguiu trepar de novo dentro.

Entón comezou una treboada acompañada polo renxer das augas como el nunca tal ouvira e zarandeouno para alí e para acá e as súas mans estaban tan frías que non as podía nin pechar. E cando por fin escapou do perigo, foi cortesmente conducido ata unha pequena badía, onde o seu bote navegaba tranquilamente. Porén, aínda non estaba a salvo, e cando tentou desembarcar, atopou unha multitude de xente miúda que tentaba impedirlo e berraban que marchase, que xa pasara a Hora do Peche mentres erguían as

súas follas de acivro e mesmo algunha frecha que algún neno debiera de deixar esquecida nos xardíns e que usaban coma ariete.

Entón, Peter, que coñecía ás fadas, berroulles que el non era un neno normal e que non lles quería facer ningún mal, senón ser o seu amigo. Con todo, agora que atopara un bo porto, non tiña gana ningunha de se marchar e avisounas de que se lle facían dano se ativesen ás consecuencias.

E dicindo isto, saltou á orela con valentía e enfrontouse cos que o tentaban matar. E de súpeto, un grito se fixo sentir entre as mulleres porque se decataram de que a vela era un pixama de bebé. Dende ese momento quixérono moito e lamentábanse de que o seu colo fora tan pequeno, cousa que non podo explicar doutra forma que non sexa porque eran mulleres. Os fados baixaron as armas ao ver o comportamento das súas mulleres, que eles consideraban moi intelixentes, e levárono civilizadamente ante a Raíña, que lle concedeu a graza de poder estar nos xardíns despois da Hora do Peche e de que no sucesivo podería ir onde quixera e deu ordes de acomodalo ás fadas.

Esa foi a súa primeira viaxe aos xardíns e pola antigüidade dos idiomas que usaban, podes saber que tivo lugar hai moito tempo. Pero Peter non se fai máis vello e se o vísemos dende baixo a ponte pola noite (cousa que por suposto non podemos facer) , atreveríame a dicir que veríamos como iza o seu pixama ou navega cara nós no seu Niño de Tordo. Cando navega a vela, senta , pero cando ten que remar está de pé. Contareiche como conseguiu o remo.

Moito tempo antes da Hora da Apertura das portas, ten que volver para a illa para que a xente non o vexa (despois de todo, non é humano) pero aínda así ten algunhas horas para xogar e xoga coma todos os nenos (ou iso pensaba el). Unha das cousas tristes del é que a miúdo xoga mal.

É que veredes, é que non ten a ninguén que lle diga como xogan os nenos de verdade. E as fadas, quen máis quen menos, sempre están agachadas ata o solpor, así que tampouco o saben. Explicáronlle ben como se xoga ás agachadas, e ás veces xoga el só, pero nin os parrulos da Poza Redonda poden explicar por que lles fascina tanto a poza aos nenos. Todas as noites os parrulos esquecen todo o que pasou ao longo do día excepto os

anacos de pastel que lles botaron. Son criaturas tristes e din que o pastel xa non é o que era nos seus tempos mozos.

Así pois, Peter ten que inventar moitas cousas por el mesmo. Ás veces xoga aos barcos na Poza Redonda, pero o seu barco é só un aro que atopou na herba. Por suposto el nunca vira antes un aro e non sabía como se xoga con el así que decidiu que a forma de xogar cos aros é imaxinar que son barcos.

O seu aro sempre afundía, pero el o recollía e ás veces levábao ao redor da poza e estaba moi orgulloso crendo que descubrira como xogaban os nenos cos aros.

Outra vez, cando atopou un caldeiro, pensou que era para sentar nel, e sentou con tanta forza dentro del que por pouco non pode saír. Tamén atopou un globo. Estaba a saltar polo outeiro arriba, coma se xogase ao seu propio xogo, e seguiu nunha persecución moi emocionante, pero pensou que era unha bóla, e Jenny Wren dixéralle que os nenos lles dan patadas ás bólas, así que pateouna e xa non o puido atopar en ningures.

Pero talvez o máis sorprendente que atopou foi un carriño de bebé. Estaba baixo unha lima, preto da entrada do Pazo de Inverno da Raíña das Fadas (que é no círculo das sete castiñeiras españolas) e Peter achegouse a el estrañado porque os paxaros nunca lle falaran de nada coma iso. Faloulle educadamente para ver se estaba vivo, e, ao non obter resposta, achegouse con coidado. Deulle un pequeno empurrón e o carro escapou del, o que lle fixo pensar que o fin de contas si estaba vivo, pero, como escapara del, non lle tiña medo, así que lle botou á man, pero esta vez o carro foi cara a el, o que lle enfastiou tanto que saltou a varanda e correu ao seu bote. Pero non debes pensar que era un covarde, porque volveu á noite seguinte cunha codia na man e un pau na outra. Pero o carro xa non estaba alí e nunca máis volveu ver outro.

Prometera falarvos do seu remo. Era a pa dun neno que atopou preto do Pozo de San Govor e el pensou que era un remo.

Tedes mágoa de Peter Pan por cometer tales erros? Se así é, é un pouco parvo pola vosa parte. O que quero dicir é que sentir mágoa por el nun momento ou outro vale, pero terlle mágoa todo o tempo sería unha impertinencia. El sentía que estaba a vivir o mellor do mundo nos xardíns e iso é case tan importante como vivilo realmente. Xogaba sen

parar, mentres ti tes que perder o tempo a ser coidado pola aia que fose. El non podía facer nada diso porque nin escoitara falar sobre nada diso, pero pensades que esa era unha razón para lle ter mágoa?

El era tan feliz! Moito máis feliz ca ti, por exemplo, cando es máis feliz ca o teu pai. Ás veces tirábase a rolos de pura felicidade. Algunha vez viches un galgo tentando saltar os enreixados dos xardíns? Pois así os saltaba Peter.

E pensa na música que fai coa súa fruta. Os homes que volven a casa de noite escriben aos xornais para lles dicir que escoitaron unha serenata nos xardíns, pero o que escoitan é a fruta de Peter. Obviamente, ao final non ten nai, para que lle ía valer? Pódeslle ter mágoa por isto, pero non moita, porque o próximo que che vou contar é como a foi visitar. Foron as fadas as que lle brindaron a oportunidade.

IV

HORA DO PECHE

É moi complicado saber moito sobre as fadas e a única cousa segura é que sempre hai fadas onde hai nenos. Hai moito tempo, aos nenos prohibíaselles a entrada aos xardíns, e daquela alí non había nin unha soa fada. Despois permitiúselles a entrada aos nenos, e chegou unha multitude de fadas cada tarde. Non se poden resistir a seguir aos nenos. Pero case nunca as vedes. En parte porque polo día viven dentro das parcelas con varanda ás que non vos deixan pasar e en parte porque son moi astutas. Non vos son moi asisadas antes da hora do peche, pero despois... Son listas coma allos!

Cando erades un paxaro coñecíades moi ben ás fadas e de cativos lembrades moitas cousas sobre elas. E foi unha magoa que non as puiderades escribir para cando as fostes esquecendo. E mesmo teño ouvido que hai nenos que mesmo din que nunca viron unha fada. Estou case seguro de que se algunha vez chegaron a dicir iso dentro dos Xardíns de Kensington estaban diante dunha fada xusto nese intre. A razón pola que se enganan é que a fada está a facerse pasar por outra cousa. É un dos seus mellores trucos. Normalmente fanse pasar por flores porque a corte reúne-se no Val das Fadas e alí, e ao longo do Paseo dos Cativos, hai tantas flores que só te podes fixar nelas. Vístense exactamente como flores e cambian coas estacións, vestíndose de branco cando é tempo de lilas e azuis cando as campaiñas azuis, e sempre así. Gústalles sobre todo o tempo dos azafráns e dos xacintos porque lles gustan esas cores, pero os tulipáns (excepto os brancos, que son os berces das fadas) parécenlles demasiado rechamantes e, ás veces, néganse durante días a vestirse coma eles polo que o comezo do tempo do tulipán e case a mellor época para cachalas.

Se pensan que non estás a mirar, agóchanse moi rápido; pero se miras e teñen medo de que non lles dea tempo a se esconder, quedan ben quedas facéndose pasar por flores. Despois, cando xa pasastes sen vos decatardes de que eran fadas, bulen para a casa e cóntanlles ás súas nais a gran aventura que acaban de ter. O Val das Fadas, como lembraredes, está todo cuberto con hedra terrestre (da que fan o seu aceite de rícino) con flores crescendo por aquí e por alá. A maioría delas son realmente flores, pero algunhas

son fadas. Nunca poderás estar seguro, pero unha boa idea é ir a pasar mirando para outro lado e virar de súpeto. Outra boa idea, que David e máis eu poñemos ás veces en práctica, é miralas fixamente. Despois de moito tempo non poden evitar pestanexar entón xa sabes de certo que son fadas.

Tamén hai moitas delas no Paseo dos Cativos, que é un “lugar marabilloso”, como a xente chama aos lugares frecuentados polas fadas. Unha vez vintecatro delas tiveron unha grande aventura. Había unha excursión de fadiñas coa súa profesora e ían todas vestidas de xacinto cando, de pronto, a profesora levou o dedo aos beizos e todas quedaron ben quedas nunha campo baleiro e fixéronse pasar por xacintos.

Desafortunadamente, o que escoitara a profesora eran dous xardineiros que viñeran plantar flores novas nese campo. Levaban unha carreta con flores e quedaron moi sorprendidos de que o campo estivese ocupado. “Mágoa de os ter que arrincar” dixo un dos homes. “Ordes do duque” contestou o outro e, tras baleirar o carro, levantaron o grupo escolar e puxeron as pobres e aterrorizadas criaturiñas nel formando cinco ringleiras. Por suposto, nin a profesora nin as nenas ousaron demostrar que eran fadas, así que foron carrexadas ata un alpendre do que escaparon de noite sen os seus zapatos. Pero os pais enfadáranse moito e a escola tivo que pechar.

En canto ás súas casas, é inútil tentalas buscar porque son totalmente o contrario das nosas. As nosas casas pódense ver de día, pero non de noite. Pois ben, as súas casas pódense ver na escuridade pero non durante o día porque son da cor da noite, e eu non sei de ninguén que poida ver a noite durante o día. Isto non significa que sexan negras, xa que a noite ten cores exactamente igual que o día, só que son moito máis brillantes. Os seus azuis e vermellos e verdes son coma os nosos cunha luz detrás. O palacio está completamente construído con cristais de moitas cores e é a máis encantadora de todas as residencias reais, pero a raíña ás veces láíase de que o pobo vaia fisgar o que está a facer. Son unha xente moi curiosa e esmáganse tanto contra os cristais que por iso os narices da maioría son chatos.

As rúas son moi moi longas e con moitas curvas e hai camiños que se bifurcan feitos de estame brillante. Os paxaros adoitan roubar o estame para facer os seus niños, pero puxeron a un policía a vixiar noutro lado.

Unha das grandes diferenzas entre nós e as fadas é que elas nunca fan nada útil. Cando o primeiro cativo riu por vez primeira o seu riso escachou en mil e un anacos que brincaron por todas as partes e esa foi a orixe das fadas. Semellan estar moi ocupadas, xa sabes, coma se non tiveran nin un momento de acougo, pero se lles preguntas que é o que están a facer non che poden responder nada. Son bastante ignorantes: o único que fan é aparentar. Teñen un carteiro que nunca traballa excepto en Nadal cando vai coa súa pequena caixiña vermella, e a pesar de que teñen unhas escolas moi bonitas, non aprenden nada nelas. A cativa máis pequena que se converte en líder é sempre elixida profesora e despois de que pase lista saen de excursión e xa non volven. Cabe destacar que nas familias das fadas, a máis nova é sempre o líder e normalmente convértese en príncipe ou princesa e isto é algo que os nenos lembran e penso que debe pasar o mesmo cos humanos e que por iso a miúdo se enfurruñan cando ven a súa nai a pór a escondidas novos volantes no berce.

Probablemente xa te deras de conta de que a vosa irmá pequena quere facer todas as cousas que a vosa nai e a súa cuidadora non queren que faga como estar en pé cando é hora de estar sentado e sentarse cando é hora de estar en pé (ou erguerse cando debería durmir ou agatunhar polo chan cando leva o seu mellor vestido e esas cousas) e pensastes que só eran trasnadas. Pero non o son. É o que ela viu facer ás fadas. Comeza comportándose coma elas e tarda coma dous anos en pillarlle o xeito a ser humana. Os seus momentos de enfado, que son difíciles de aturar e son normalmente chamados “época de dentición” non son tal: son a súa desesperación porque non a entendemos mesmo cando ela está a falar unha linguaxe intelixible. Está a falar fado. A razón de que as nais e as cuidadoras saiban o que os seus balbucidos queren dicir antes de que os demais o saibamos (cousas coma que “guuu” significa “dámo dunha vez” mentres que “Gaa” significa “por que levas ese sombreiro tan divertido?”) é porque á forza de estar tanto cos cativos, aprenderon un pouquiño de fado.

Ultimamente, David estivo a reflexionar sobre a lingua das fadas, premendo con forza nas tempas coas súas mans, e lembrou algunhas frases que che contarei algún día se non te esqueces. Escoitounas cando el era un tordo e a pesar de que lle suxerín que quizais o que lembraba era a lingua dos paxaros e non a das fadas, el di que non pode ser porque esas frases falan de diversión e aventuras e os paxaros normalmente non falan doutra cousa que non sexa facer niños. Lembra claramente que os paxaros adoitaban ir dun

lugar a outro, como mulleres de tendas, mirando os diferentes niños e dicindo: “Ese color non me vai, cariño” e “Como quedaría cun forro suave?” e “Pero ti cres que durará?” e “Pero que corte máis horrible!” e esas cousas. As fadas son unhas bailarinas estupendas e por iso unha das primeiras cousas que fan os nenos é apuntarte co seu dedeiro para que bailes e bótase a chorar cando o fas. Elas fan os seus grandes bailes ao aire libre no que se chama círculo das fadas. Varias semanas despois aínda podes ver o círculo na herba. Non está alí cando elas comezan, pero o fan a base de bailar e bailar o valse. Ás veces podes encontrar cogomelos dentro do círculo: son as cadeiras das fadas que os criados esqueceron retirar. As cadeiras e os círculos son as únicas marcas que esta pequena xente deixa tras dela, e incluso iso recollerían se non estivesen tan metidas no baile que non se decatan ata que xa é case a hora de abrir as portas. David e máis eu atopamos unha vez un círculo das fadas aínda morno.

Pero tamén hai unha forma de localizar o lugar do baile antes de que este teña lugar. Xa coñeces os carteis que indican a que hora van a pechar os xardíns. Pois ben, esas trastes fadas ás veces cambian os carteis as noites de baile, para que os Xardíns pechen as seis e media, por exemplo, en vez das sete. Isto permítelles comezar media hora antes.

Se nunha desas noites nos puideramos esconder nos xardíns como fixo a famosa Maimie Mannering, veríamos cousas marabillosas: Centos de encantadoras fadas acudindo ao baile, as casadas coas súas alianzas na cintura, os cabaleiros todos de uniforme a suxeitar as colas dos vestidos das donas e aos paxes que corren diante coas súas Lanternas Chinesas, que son os farois das fadas. Veríamos tamén o seu vestiario onde se poñen os seus pequenos zapatos de prata e collen o resguardo dos seus abrigos, a as flores vir dende o Paseo dos Cativos mirar, que son sempre ben recibidas porque sempre poden facer un broche. E a grande mesa coa Raíña Mab á cabeza, e detrás dela ao Gran Chanceler que leva un dente de león que sopra cando a Raíña quere saber a hora que é.

O pano da mesa cambia segundo as estacións, e en maio está feito das flores das castiñeiras. Así é como os criados o fan: Os homes, multitude deles, ruben polas árbores e sacoden as pólas para que as flores caian coma neve; entón, as doncelas várrenas e mesturan as flores coas súas saias ata que fan a forma dun mantel. E xa está feito o pano.

Teñen copas e viño de verdade de tres clases: o viño de espiño negro, viño de espineta vineta e viño de prímulas. A Raíña é a que as serve, pero as garrafas son tan pesadas, que só finxe que serve. De aperitivo hai tostas de pan con manteiga do tamaño dunha moeda de dous céntimos e para rematar pasteis que son tan pequenos que non fan migas. As fadas sentan nos cogomelos e ao comezo pórtanse ben e sempre que tosen fano fóra da mesa e esas cousas; pero pouco a pouco deixan de ser tan educadas e meten os seus dedos na manteiga, que obteñen das raíces de árbores vellas, e as máis trastes mesmo agatuñan por enriba da mesa para buscar o azucre e outras delicias que lamber. Cando a Raíña as ve, fai xestos aos criados para que recollan a mesa e comeza o baile. A Raíña vai diante co Gran Chanceler detrás levando dúas pequenas teteiras que conteñen zume de xirasol e zume de Selo de Salomón. O zume de xirasol é para revitalizar aos danzaríns que caen rendidos ao chan e o zume de Selo de Salomón é para as contusións. Están todo o tempo a se mancar e cando Peter Pan toca máis e máis e máis apresa os seus pés líanse e caen ao chan extenuadas.

Porque, como saberedes aínda que eu non volo dixera, Peter Pan é a orquestra das fadas. Senta no medio do círculo e as fadas non poderían nin imaxinar ter un baile importante sen que as letras “P.P.” estivesen escritas na esquina das invitacións enviadas ás familias importantes. Ademais, son unha xente moi agradecida e no baile de maioría de idade da princesa (a súa maioría de idade é no seu segundo aniversario e teñen un aniversario ao mes) concedéronlle o seu meirande desexo.

Así é como foi: A Raíña ordenoulle que se axeonllase e díxolle que por tocar melodías tan fermosas ela lle concedería o seu meirande desexo. Entón, todos se xuntaron ao redor de Peter para escoitar cal era o seu meirande desexo, pero por moito tempo el dubidou, sen estar seguro de que era.

-Se elixise volver coa miña nai -preguntou ao final- Poderíame conceder ese desexo?

Esta pregunta irritounas, xa que se el volvía coa súa nai, elas non poderían escoitar a súa música, así que a Raíña torceu o nariz de forma altiva e dixo.

-Bah, podes pedir algo moito máis grande ca iso!

-É un desexo pequeno?

-Así de pequeno -dixo a Raíña poñendo as mans unha xunto á outra.

-E como é un desexo grande? -preguntou el.

A Raíña mediuno coa súa saia e era bastante grande.

Entón, Peter reflexionou e dixo:

-Ben, penso que podería ter dous desexos pequenos en vez dun grande.

Por suposto, as fadas tiveron que aceptar porque a súa intelixencia pillounas de sorpresa e el dixo que o seu primeiro desexo era ir coa súa nai, pero co dereito a volver aos xardíns se lle decepcionaba. Reservábase o seu segundo desexo.

Elas tentárono disuadir e mesmo puxéronlle obstáculos.

-Pódoche dar o poder de voar ata a súa casa -dixo a Raíña- pero non podo abrir a porta para ti.

-A xanela pola que escapei vai estar aberta -dixo Peter confiado- A miña nai sempre a deixa aberta coa esperanza de que eu volva.

-E como o sabes? -preguntáronlle sorprendidas. E, en realidade, Peter non podía explicar como o sabía.

-Seino -contestou.

Así pois, como el insistía no seu desexo, elas tivéronllo que conceder. E para darlle o poder de voar, refregáronse todas nos seus ombros e de súpeto el sentiu como cóxegas e sentiuse subir e subir máis e máis alto e voou fóra dos xardíns e sobre os tellados.

Era tan marabilloso que no canto de voar directamente á casa, foi planando dende a Catedral de San Pablo ata o Pazo de Cristal e de volta polo río e o parque Rexente e para

cando chegou á xanela da súa nai xa case decidira que o seu segundo desexo sería ser un paxaro.

A súa xanela estaba completamente aberta tal e como el sabía que ía estar. Entrou e alí estaba a súa nai durmindo. Peter posou suavemente na varanda de madeira que había aos pes da cama e mirou para ela. Durmía cunha man sobre a outra, aniñada na almofada como se fixese un niño cos seus rizos castaños. Lembrou, a pesar de que había moito que o esquecera, que polas noites deixaba o cabelo solto. E que bonitos eran os adornos do seu camisón! Estaba moi orgulloso de ter unha nai tan guapa.

Pero semellaba estar triste e el sabía porque ela semellaba estar triste. Movía un dos seus brazos coma se quixese atrapar algo e el sabía o que quería atrapar.

- Oh, mamá! -dixo Peter ben baixiño- se soubeses quen está sentado aos pés da cama...

Con moito coidado, agarimou o montonciño que a nai fixera cos seus pés e puido ver pola súa expresión, que a ela lle gustara. Sabía que só tiña que dicir “Mamá” unha vez máis, aínda que fose moi suave, e ela espertaría. Ela sempre espertan en canto dis o seu nome. Entón ela choraría de ledicia apertándoo moi forte e que agradable sería para el! Pero sobre todo, que marabilloso sería para ela! Iso, temo, era o que el pensaba. Ao volver coa súa nai nunca dubidou de que lle estaba a dar o mellor que se lle pode dar a unha muller. Nada pode ser máis marabilloso, pensaba, que ter a un pequeno propio. E o orgullosas que están del! É o lóxico e natural.

Pero entón, por que permaneceu Peter tanto tempo sentado aos pés da cama? Por que non lle dixo á súa nai que volvera?

A verdade é un pouco terrible. Estábase a debater entre dous sentimentos. Ás veces miraba para a súa nai, ás veces miraba para a xanela. De certo que sería moi agradable ser o seu meniño outra vez, pero... Que bos tempos pasara nos xardíns! Estaba seguro de que lle gustaría ter que volver a levar roupa? Saltou da cama e abriu algúns dos caixóns para ver as súas vellas cousas. Aínda estaban alí, pero non podía lembrar como se poñían. Os calcetíns, por exemplo, eran para as mans ou para os pés? Estaba a piques de o probar na man cando tivo unha grande aventura. Talvez foi o caixón que renxeu... O

caso é que a súa nai debeu de espertar, porque el escoitoulle dicir “Peter” coma se fose a palabra máis doce do mundo. Permaneceu sentado no chan contendo o alento, preguntándose como se tería decatado de que el volvera. Se ela dicía “Peter” unha vez máis, el botaría a chorar e dicir “Mamá” e correría ao seu carón. Pero ela non dixo nada máis, tan só xemeu un pouco e cando el se achegou a ela con pés de la, xa estaba outra vez a durmir con bágoas nos ollos.

Todo isto fixo que Peter se sentira moi triste. E que credes que fixo? Sentou aos pés da cama e entoou coa súa frauta unha bonita canción de berce para a súa nai. Inventouna el mesmo a raíz da forma en que ela dixerá “Peter” e non deixou de tocar ata que ela pareceu leda de novo.

Pensou que fora tan intelixente pola súa parte que apenas podía resistir espertala para escoitala dicir “Oh, Peter, que ben tocas!”. Pero como ela agora parecía tranquila, el volvía a mirar para a xanela. Non penses que marchou inmediatamente para non volver xamais. Xa case decidira ser o neno da súa nai, pero dubidaba acerca de selo dende esa mesma noite. O que o preocupaba era ese segundo desexo. Xa non quería ser un paxaro, pero non pedir un segundo desexo parecíalle un gasto inútil e, por suposto, non o podía pedir se non volvía xunto ás fadas. Ademais, se tardaba demasiado en pedilo podía perdelo e preguntábase tamén se non fora moi desconsiderado por marchar sen despedirse de Salomón. “Gustaríame navegar no meu bote unha última vez” murmuroulle á súa nai. Mesmo se xustificaba como se ela o puidese escoitar “Sería tan increíble contarlles esta aventura aos paxaros” dicía para a convencer. “Prometo que hei volver”, dixo solemnemente. E así foi.

E ao final, como xa sabedes, marchou voando. Volveu dúas veces dende a xanela querendo bicar á súa nai pero tiña medo de a espertar, así que ao final entooulle coa súa frauta un doce bico e voou de volta aos xardíns.

Pasaron moitas noites e incluso meses antes de que lles pedise as fadas o seu segundo desexo, e non estou seguro por que tardou tanto en o facer. Unha das razóns era que tiña que despedirse non só de demasiada xente, senón tamén de tantos lugares favoritos. Deu o seu último paseo no bote e o seu derradeiro paseo no bote, e o seu último paseo no bote outra vez... E houbo unha chea de festas de despedida no seu honor. Ademais,

despois de todo, non había présa, a súa nai nunca deixaría de agardar por el. Esta razón non lle gustou nada ao vello Salomón, que sempre tentaba animar aos paxaros a non perder o tempo. Salomón tiña excelentes lemas para facer que traballasen, como “Non deixes para mañá o que podes facer hoxe” e “Neste mundo non hai segundas oportunidades” e alí estaba Peter demorándose e sen recibir represalias. Os paxaros falaban diso uns aos outros e volvéronse cada vez máis preguiceiros.

Pero, dádevos de conta de que a pesar de que a Peter lle estaba a custar tanto volver coa súa nai, estaba decidido a volver. A mellor proba diso era o seu coidado coas fadas. Elas tiñan moitas ganas de que el quedase nos Xardíns a tocar para elas e tentaban enlealo para que dixese frases como “Oxalá a herba non estivese tan mollada” ou unha bailaba fóra de ritmo ou para que el dixese “Gustaríame que bailases ao compás” e así elas poderían dicir que xa gastara o seu segundo desexo. Pero el xa estaba decidido e nas ocasión en que comezou a dicir “Desexaría...” sempre se parou a tempo. Así que cando dixo “Agora desexaría volver xunto á miña nai para sempre xamais”, elas tivéronlle que fregar de novo os ombros de deixalo ir.

Esta vez foi a fume de carozo porque soñara que a súa nai estaba chorando e el sabía porque choraba e que unha aperta do seu espléndido Peter faría que sorrise, estaba ben seguro, e desexaba tanto fundirse con ela nunha aperta que voou directo á súa xanela, que sempre estivera aberta para el.

Pero a xanela estaba pechada e tiña barras de ferro e asexando dentro viu á súa nai durmindo placidamente con outro cativo.

Peter chamou “Mamá! Mamá!” pero ela non o escoitou. Tratou en balde de meter os seus brazos e pernas entre as barras. Volveu chorando aos xardíns e nunca máis volveu a ver á súa nai. Co estupendo neno que pensaba ser para ela! Ah, Peter! Todos os que cometemos un grande erro, que diferente fariamos todo se tivéssemos unha segunda oportunidade! Pero Salomón tiña razón e non hai segundas posibilidades. Non para a maioría de nós. Cando chegamos á xanela é Hora do Peche e as barras de ferro quedan aí para sempre.

V

A CASIÑA

Todo o mundo escoitou falar da Casiña dos Xardíns Kensington, que é a única casa do mundo que as fadas construíron para os humanos. Pero ninguén a viu, excepto tres ou catro horas e mesmo así non a viron senón que durmiron nela, e a menos que teñas durmido nela, nunca a verás. Porque non está aí cando dormes, pero cando te ergues tes que saír dela.

Dalgún xeito todo o mundo pode vela, pero o que ves non é a casa, senón máis ben a luz que sae das xanelas. A luz vese despois da Hora do Peche. David, por exemplo, viuna a distancia entre as árbores cando ía para a casa dende o teatro e Oliver Bailer viuna unha noite que quedou ata tarde no Templo, que é o nome da oficina do seu pai. Angela Clare, á que lle encanta que lle quiten un dente porque despois a levan a tomar té a unha pastelería, viu máis dunha luz: viu centos. Deben de ser as fadas construíndo a casinha, porque a constrúen todas as noites e en diferentes partes dos xardíns. Ela pensa que unha das luces era máis grande que as demais, aínda que non estaba segura, porque estaban todas xuntas e podería haber outra que fose máis grande, pero se era esa, era a luz de Peter Pan. Moita xente viu esa luz, así que non é nada do outro mundo. Pero Maimie Mannering foi a famosa nena pola que se construíu a casa a primeira vez.

Maime era rara. Era rara pola noite. Tiña catro anos e durante o día era ordinariamente amable. Estaba encantada cando Tony, que era un magnífico compañeiro de seis anos, lle facía caso e miraba fixamente para el e tentaba imitalo e estaba máis enchida que enfadada cando el a empurraba. E cando estaba a xogar podía parar incluso coa pelota no aire para ensinarche os seus bonitos zapatos novos. Polo día era coma todas as nenas.

Pero cando caían a noite, Tony, o balandrán, xa non despregaba a Maimie, senón que a miraba con temor. E non era de estrañar, porque coa escuridade, a súa cara cambiaba e adoptaba unha expresión que só podo describir como penetrante. Había tamén nela unha serenidade que contrastaba coas miradas inquedas de Tony. Entón, el dáballe todos os seus xoguetes favoritos (que recuperaba á mañá seguinte) e ela aceptáboas cun

inquietante sorriso. A razón pola que el se volvía tan atento e ela tan misteriosa era, a fin de contas, que ambos sabían que os ían mandar para a cama. E era entón cando Maimie era terrible. Tony suplicáballe que non o fixera esa noite e a súa nai e a súa aia negra ameazaban con castigala, pero Maimie mantiña os eu inquietante sorriso. E pouco despois, cando estaban coa luz da lampadiña de noite, ela erguía da cama e berraba:

-Oes! Que é iso?

E Tony suplicaba:

-Non foi nada! Maimie, non, por favor! -e agochaba a cabeza baixo as sabas.

-Estase a achegar... -dicía ela- Mira, Tony! Está a tocar a túa cama cos seus cornos! Estache buscando! Oh, Tony!

E non paraba ata que el saía a fume de carozo en pixama escaleiras abaixo. Cando volvían para berrarlle, normalmente atopaban á cativa durmindo tranquilamente sen ningún remorso, coma un anxiño, o que o facía aínda peor.

Pero, por suposto, cando estaban nos xardíns era de día e Tony era o que falaba todo o tempo. Polo seu falar podías pensar que era un rapaz moi valente e ninguén estaba máis orgullosa diso que Maimie. Encantaríalle levar pegada unha etiqueta que dixese que era a súa irmá. E nunca o admirou tanto como cando lle dixo, con moita firmeza, que un día el ía quedar nos xardíns cando pechasen as portas.

-Oh, Tony -dixo ela con medo- pero as fadas vanse enfadar moito!

-Non me importa -replicou el sen pensalo.

-Quizais...-dixo ela emocionada- Peter Pan te leve a navegar no seu bote!

-Eu encargareime de que o faga -contestou Tony. Non é de estrañar que ela estivese tan orgullosa del.

Pero non debiera ter falado tan alto, porque un día foron escoitados por unha fada que estaba escondida entre as follas secas (de onde a xente miúda saca as súas cortinas de verán) e dende entón Tony foi un neno marcado. Ensancharon os listóns dos bancos antes de que se sentase para que caese de costas e dera coa cabeza, tirárono ao chan atándolle os cordóns dos zapatos e dixéronlles aos parrulos que afundiran o seu bote. A maioría dos pequenos accidentes que hai nos xardíns suceden porque as fadas che teñen xenreira así que ten coidado de como falas delas. Maimie era das que lles gusta pasar o día facendo cousas, pero Tony non era deses e cando ela lle preguntaba cando ía permanecer nos xardíns despois da Hora do Peche el só respondía “algún día” e era moi impreciso ata que ela lle preguntaba “Vai ser hoxe?” e entón el dicía claramente que non, que ese día non ía ser. Así que ela pensaba que el estaba a esperar por unha boa oportunidade.

O que nos leva á tarde na que os xardíns estaban algo nevados e había xeo na Poza Redonda, non o suficientemente groso para patinar, pero o groso dabondo para rompelo pola mañá tirando pedriñas, que era o que estaban a facer moitos nenos e nenas.

Cando Tony e a súa irmá chegaron, querían ir directamente á poza, pero dixéronlles que tiñan que dar un paseo primeiro e tras dicilo a aia mirou o cartel para ver a que hora pechaban os xardíns esa noite. Dicía 17:30. Pobre aia! É do tipo das que ri continuamente porque hai demasiados nenos brancos no mundo, pero ese día non ía ter ganas de rir.

Ben, entón, como ía dicindo, fixeron o Paseo dos Cativos de ida e volta e cando volveron sorprendeuse de que o cartel dixese que a hora do peche era as 17:00. Pero ela non sabía dos trucos das fadas e por iso non se decatou (como si fixeron Maimie e Tony rapidamente) de que elas cambiaran a hora porque ía haber un baile esa noite. Así que dixo que lles daba tempo só a subir ata o Outeiro e volta, e mentres trotaban ao seu carón non se podía nin imaxinar o que se axitaba nos peitos deses pequenos. Tiñan a oportunidade de ver un baile de fadas. Tony sabía que nunca poderían ter unha oportunidade mellor.

Ou iso era o que pensaba Maimie que el pensaba, porque era o que ela sentía. Os seus ollos ansiosos fixéronlle a pregunta de sempre “Vai ser hoxe?” e aclarou a gorxa e

asentiu. Maimie colleu coa súa man a de Tony e a súa estaba quente, pero a del estaba fría. Entón ela tivo un xesto moi bonito: quitouse a bufanda e deulla. “Para que non teñas frío” murmurou. A súa cara brillaba, pero a de Tony era sombría.

Así como chegaron ao alto do Outeiro, el díxolle polo baixo “Teño medo de que a aia me vexa e non o poida facer”.

Maimie admirouno aínda máis que nunca porque ao único que temía era á aia coa de cousas terribles que había! E dixo en alto:

- Tony, rétote a unha carreira ata a porta! -e despois nun murmurio- Así poderaste agachar...

E saíron correndo.

Tony sempre a podía deixar atrás doadamente, pero ela nunca o vira correr tanto e ela estaba segura de que canto máis prisa se dese máis tempo tería para se esconder. “Bravo, bravo!” berraba con lágrimas nos ollos cando sufriu un terrible impacto: en lugar de esconderse, o seu heroe atravesara a porta correndo! Nese amargo momento Maimie parou en seco, coma se acabase de perder todos os seus tesouros máis valiosos e estaba tan furiosa que non podía nin chorar. Así que, nun arrebato de protesta ao covarde, correu ata a o Pozo de San Govor e escondeuse alí no lugar de Tony.

Cando a coidadora chegou á porta e viu a Tony moi lonxe pensou que a nena tamén estaba con el e saíu. Houbo unha chea de crepitares nos Xardíns mentres saían centos de persoas, ata a última, que sempre tiña que correr. Pero Maimie non os viu. Ela estaba cos seus ollos ben pechados de bágoas de rabia. Cando os abriu, algo moi frío correu polas súas pernas e os seus brazos ata colarse no seu corazón. Era a quietude dos Xardíns. Entón, escoitou o clang, e despois outro clang e un clang máis lonxincuo. Era a Hora do Peche.

En canto o último clang morreu ao lonxe, Maimie escoitou unha voz que dicía. “E listo”. Era un son de madeira que semellaba vir de enriba dela e cando mirou viu un ulmeiro a se espreguizar mentres bocexaba.

Estivo a piques de dicir “Non sabía que podías falar!” cando escoitou unha voz metálica que parecía saír do balde que había no pozo e que falaba co ulmeiro.

-Supoño que alá arriba fará algo de frío.

E o ulmeiro contestou:

-Non moito, pero quedas un pouco torpe de pasar tanto tempo sobre unha soa perna -e moveu con vigor os seus brazos tal e como o faría un camioneiro antes de conducir.

Maimie estaba moi sorprendida de ver tantas árbores a facer o mesmo. Foi con pés de la ata o Paseo dos Cativos e agachouse con curiosidade baixo un acivro de Menorca que estiraba os ombros e non semellaba estar a lle prestar atención.

Polo menos non tiña frío. Levaba un abrigo vermello con carapucha, así que case non se lle vía nada excepto a súa cariña e os seus rizos. O resto dela estaba escondido dentro de tanta roupa que parecía unha bola dun metro de circunferencia.

Había un grande rebumbio no Paseo dos Cativos, a onde Maimie chegou xusto a tempo para ver unha magnolia e unha lila persa saír do campo para ir dar un bo paseo.

Movíanse como a saltos pero era normal porque estaban a usar muletas. Un sabugueiro pasou coxeando e parou a falar cuns melocotoeiros novos e todos usaban muletas. As muletas eran os paus que se atan ás árbores mozas para que se manteñan en pé. Maimie xa os coñecía pero nunca vira para que servían ata aquela noite. Saíu ao camiño e viu a súa primeira fada. Era un fado bastante triste que ía pechando aos salgueiros choróns. Premía nun punto das raíces e pechaban coma paraugas cubrindo as pequenas plantas que tiñan debaixo coa súa neve.

-Que neno máis impertinente! -dixo Maimie indignada que sabía o que era ter un paraugas goteando nas orellas.

Desafortunadamente, o rapaz impertinente era corto de ouvido, pero un crisantemo escoitoua e dixo apuntando para ela:

-Vaia, vaia, que temos aquí”-así que ela saíu e se descubriu. Entón, todo o reino vexetal quedou sorprendido sen saber que facer.

-Por suposto non é cousa nosa -dixo un evónimo cando remataron de murmurar- pero xa sabedes que ás fadas non lles vai facer chiste ningún e talvez sexa o noso deber avisalas, que pensades?

-Pois eu penso que non é asunto voso -contestou Maimie, o que os deixou tan perplexos que petulantes dixeron que non tiña sentido discutir con ela.

-Non volo pediría se non pensara que é xusto -asegurou, e, por suposto, despois diso eles non puideron pór máis excusas e dixeron cousas coma “Cousas que pasan” e “Éche o que hai” porque lles gustaba moito a retranca. Pero ela sentiu mágoa dos que non tiñan muletas e como era de natureza amable dixo:

-Antes de ir ao baile das fadas, gustaríame levarvos a dar un paseo de un en un. Podédevos apoiar en min.

Entón todas as árbores fixeron palmas e ela as escoltou polo Paseo dos Cativos arriba e abaixo de un en un, pón dolles o brazo ou o dedo ao redor e sendo a súa perna dereita cando suxeitalas facíase demasiado ridículo e tratando ás árbores estranxeiras igual que ás inglesas, mesmo sen puider entender unha palabra do que dicían.

Elas foron boas e comportáronse todo o tempo, algunhas delas rosmaron que non as levara tan lonxe como a Nancy ou Grace ou Dorothy e outras riscárona sen querer, pero ela era moi señora para se queixar. Tanto camiñar cansouna moito e estaba desexando marchar ao baile, pero xa non tiña medo. A razón pola que xa non tiña medo era que xa era de noite e de noite, se lembrades, Maimie era sempre un pouco rara.

As árbores agora non querían deixala ir.

-Porque se as fadas te ven agora –avisábana- vante acoitelar ata a morte ou vante facer a aia dos seus fillos ou vante converter en algo tedioso, coma unha aciñeira sempre verde - e mentres dicían isto levantaban a súa mirada cara á aciñeira, porque en inverno eles teñen moita envexa das árbores perennes.

- Oes! -dixo a aciñeira- pois é moi cómodo estar aquí abrigada ata o pescozo vendo como vós, pobres criaturiñas, tremedes co frío.

Aínda que era o que merecían, esta resposta enfadounas moito e fixo que ante os ollos de Maimie mostraran unha imaxe moi escura dos perigos aos que se podería enfrontar se insistía en ir ao baile.

Unha nogueira vermella explicoulle que a corte non estaba tan animada coma sempre porque estaban a sufrir polo corazón do Duque das Margaridas de Nadal. Era un fado oriental cunha enfermidade terrible: era incapaz de amar. E a pesar de que o tentara con moitas mulleres en moitas terras nunca se puidera namorar de ningunha. A Raíña Mab, que goberna os xardíns, confiara en que as súas mozas enfeitizaríano pero “Vaia”, dixeran o doutor, o seu corazón seguía frío. Este irritante doutor, que era o seu médico privado, apalpaba o corazón do Duque xusto despois de que calquera moza se presentase e sempre meneaba a súa cabeza careca e murmuraba “Frío, moi frío”. Naturalmente, a Raíña Mab desgustárase e primeiro probara o efecto de ordenar a toda a corte que chorara durante nove minutos, despois culpou aos Cupidos e decretou que todos levarían orellas de burro ata que derretesen o xeadado corazón do Duque.

- Como me gustaría ver aos Cupidos coas súas orellas de burro! -berrou Maimie sen tino, xa que os Cupidos non aturan que se rían deles.

É sempre moi doado descubrir onde está a ter lugar o baile das fadas porque hai lazos en todas as partes máis poboadas dos Xardíns para que os invitados poidan camiñar sobre eles para asistir ao baile sen embarrar os zapatos. Esta noite os lazos eran vermellos, así que destacaban moito sobre a neve.

Maimie foinos seguindo na distancia, sen atopar a ninguén, ata que viu achegarse un séquito de fadas. Para a súa sorpresa, parecía estar volvendo do baile e case non tivo tempo de se esconder acubillándose e colocando os brazos para tentar facerse pasar por unha cadeira de xardín. Levaba seis cabaleiros diante e seis detrás; e no medio ía unha fermosa moza que levaba un vestido cunha longa cola suxeitada por dous paxes e sobre ela, como se fose un vehículo, reclinábase unha encantadora nena (porque é así como viaxan as fadas aristocráticas). Estaba vestida de chuvia de ouro e a súa parte máis destacable era o seu pescozo, que era azul e tiña a textura do veludo e que, por suposto, facía destacar máis o seu colar de diamantes como non o faría ningún pescozo branco.

As fadas de boa liñaxe obtiñan este admirado efecto pinchándose a pel, o que permitía que o seu sangue azul saíse a as tinguise, e non poderías imaxinar nada tan bonito a menos que teñas visto os bustos de muller nas xanelas das xoierías.

Mamie tamén se decatou de que o séquito parecía enfadado, erguendo tanto as cabezas que non era seguro nin para as fadas. Supuxo que aquel era un caso máis no que o doutor dixerá “Frío, moi frío”.

Pois ben, ela seguiu o lazo ata o lugar onde había unha ponte sobre unha charca seca da que outra fada era incapaz de saír. Ao principio a damiña tiña medo de Maimie, quen se ofreceu amablemente a axudala, pero pronto sentou no chan a charlar e explicarlle que o seu nome era Brownie e que era só unha cantante de rúa que ía ao baile a ver se lle interesaba ao Duque.

- Aínda que, por suposto eu non son nada do outro mundo... -dixo, o que fixo que Maimie se sentise incómoda, pero a verdade era que a pequena criatura non era nada do outro mundo para ser unha fada, así que era difícil saber que responder.

-Vexo que tamén pensas que non teño ningunha oportunidade -dixo Brownie tristeira.

-Non dixeran iso -contestou Maimie de forma educada- é verdade que a túa cara e un pouco corrente, pero... -Era unha situación realmente embarazosa.

Afortunadamente, lembrouse do seu pai e da feira. O seu pai fora a unha feira onde o segundo día e por media coroa, podíanse ver as mulleres máis fermosas de Londres, pero ao chegar a casa, en vez de se sentir desilusionado ao ver á nai de Maimie, exclamara: “Non sabes as ganas que tiña de ver unha cara corrente, meu amor”.

Maimie repetiu a historia e isto deulle forzas á trémula Brownie. De feito, ela xa non tiña dúbida de que o duque ía escollela. Así que se apresurou a seguir o lazo non sen antes berrarlle a Maimie que non seguira para que a raíña non lle fixese mal.

Pero a curiosidade de Maimie empurrouna a seguir adiante e tras pasar sete castiñeiras españolas viu unha luz marabillosa. Avanzou ata que estaba o bastante preto dela e despois foise agochar tras unha árbore.

A luz, que estaba tan alta coma as vosas cabezas sobre o chan, compoñíana miríades de lucecús collidos uns dos outros e formando un dosel cegador sobre o círculo das fadas. Alí había milleiros de pequenas persoñas a mirar, pero estaban na sombra e ata parecían descoloridas en comparación coas magníficas criaturas que estaban dentro do círculo luminoso, que eran tan resplandecentes, que Maimie tiña que pechar os ollos cada vez que as miraban.

Parecíalle increíble e mesmo a enfadaba que o Duque das Margaridas de Nadal non fose quen de sentir amor por un momento, pero a súa maxestade seguía lúgubre, podíalo ver pola cara de vergoña da Raíña e da corte (aínda que facían como que non lles importaba) e polo modo en que as donas que esperaban a súa aprobación se retiraban estalando en pranto cando se lles pedía que se retirasen e pola cara da aburrimiento do duque.

Maimie tamén puido ver ao pomposo doutor sentir o corazón do duque e escoitar as súas voces de papagaios, e sentía especial mágoa polos Cupidos, que se escondían en lugares escuros coas súas orellas de burro e moían preocupados as cabezas cada vez que escoitaban o “Frío, moi frío”.

Estaba desilusionada de non ver a Peter Pan e eu pódovos dicir por que chegaba tarde esa noite. Era porque o seu bote quedara bloqueado no xeo do Serpentina e tivérase que abrir paso entre o perigoso camiño só co seu remo.

As fadas case nin o botaban en falta, porque non podían bailar coa pena que tiñan. Esquecían todos os pasos cando estaban tristes e lembrábanos despois cando estaban de novo felices. David di que as fadas nunca din “Estamos felices”, senón que din “Estamos bailarinas”.

Pero, de feito, non se estaban a sentir nada bailarinas. Cando, de súpeto, escoitouse una gargallada provocada por Brownie, que acababa de chegar e insistía no seu dereito de ser presentada ao duque.

Maimie alargou o pescozo todo o que puido para ver como facía para se arranxar a súa amiga a pesar de que non tiña esperanza; ninguén a tiña excepto a mesma Brownie que estaba completamente confiada.

Foi conducida ante a súa alteza e o doutor introduciu o dedo no corazón do Duque, ao que se chegaba por medio dunha pequena porta feita na súa camisa de diamantes, e comezou mecanicamente a dicir “Frío, moi fri...” e de súpeto calou.

-Pero que é isto? -berrou e primeiro deulle golpeciños ao corazón coma se fose un reloxo e despois puxo a súa orella sobre el.

-Santo ceo! -exclamou o doutor. Daquela a expectación xa era tremenda e as fadas caían desmaiadas a dereita e esquerda.

Todo o mundo contiña o alento e miraba ao Duque que estaba moi asustado e parecía querer saír correndo.

-Que deus nos asista! -escoitouse murmurar ao doutor. E agora o corazón estaba evidentemente en chamas porque apartou del o dedo e levouno á boca.

O suspense era terrible.

Entón, en voz alta e obsequiosa inclinación, dixo:

- Súa Alteza, compráceme anunciarlle que a súa excelencia está namorado.

Non podes nin imaxinar o efecto que isto tivo. Brownie tendeu os brazos ao Duque que se lanzou feliz a eles, a Raíña saltou aos brazos do Gran Chanceler e as mulleres da corte saltaron aos brazos dos seus cabaleiros, porque a etiqueta esixe que sigan o exemplo da raíña en todo. Nun só momento tiveron lugar cincuenta matrimonios, xa que saltar aos brazos de outro é como son as vodas das fadas. Aínda que, por suposto, ten que haber un cura.

Como brincaba e ría a multitude! Soaban as trompetas, saíu a lúa e inmediatamente, un cento de parellas suxeitaron o seu luar coma se foran lazos nunha danza de maio e bailaron ferventemente o valse no círculo das fadas. Os máis felices de todos, os Cupidos, lanzaron as súas orellas de burro ao aire. E foi entón cando Maimie foi e estragouno todo.

Non o puido evitar. Estaba tan contenta pola boa fortuna da súa pequena amiga que deu varios pasos para diante e berrou extasiada:

-Oh, Brownie, que fantástico!

Todo o mundo parou en seco, cesou a música, apagáronse as luces e todo iso no tempo que leva dicir “Meu deus!”. Un terrible sentimento de perigo asaltou a Maimie. Demasiado tarde lembrara que era unha nena perdida nun lugar onde non están permitidos os humanos entre a hora do peche e a hora de abrir as portas. Escoitou o rumor dunha multitude enfurecida, viu miles de espadas pedindo derramar o seu sangue e botou un grito de terror e fuxiu.

Como buliu! E saíanlle os ollos das órbitas. Botouse no chan moitas veces para saltar rapidamente e seguir correndo. A súa mente estaba tan chea de terror que non lembraba que estaba nos xardíns. O único que sabía era que non podía parar de correr ata que pasara as Figueiras e puidese durmir. Pensou que as folepas de neve que caían sobre a súa cara eran bicos de boas noites da súa nai. Imaxinou que a súa cobertura de neve era unha manta quentiña e cubriu con ela ata a cabeza e cando escoitou falar en soños, pensou que era a súa nai co seu pai que entraban na súa habitación para ver se durmía. Pero eran as fadas.

Alédame moito dicir que xa non lle querían facer dano. Cando ela escapou berraran cousas como “Collédea!”, “Convertédea en algo horrible!” e cousas así, pero a maldición fora posposta mentres decidían quen debía encabezar a marcha, e isto deulle á Duquesa Brownie tempo para presentarse ante a Raíña e pedirlle a súa graza.

Todas as noivas teñen dereito a unha graza e o que pediu foi que non se matase a Maimie.

-Calquera cousa menos iso -replicara a Raíña duramente.,.

E todas as fadas corearan:

-Calquera cousa menos iso.

Pero cando souberon como Maimie axudara a Brownie a ir ao baile logrando así a felicidade de todas, lanzaron tres vivas pola pequena humana e foron, coma en peregrinación, a agradecerllo, coa corte avanzando diante e o dosel ao seu carón. Atoparon facilmente a Maimie polas súas pegadas na neve.

Pero cando a atoparon baixo a neve das Figueiras, parecía imposible darlle as grazas, xa que non a podían espertar. Pensaron na forma de darlle as grazas. O novo Rei permaneceu moi erguido e leu un longo pregón de agradecemento pero ela non escoitou nin unha palabra. Tamén lle limparon a neve, pero pronto volvía cubrila e déronse de conta de que corría o risco de morrer de frío.

-Convértea en algo ao que non lle afecte o frío.

Ao doutor parecíalle unha boa idea, pero a única cousa que imaxinaron á que non lle afectaba o frío era unha folerpa de neve.

-E poderíase derreter -apuntou a Raíña, así que rexeitaron esa idea.

Fixeron un magnífico intento de levala ata un lugar cuberto, pero a pesar de que eles eran moitos, ela era demasiado pesada. Para aquel entón as damas xa estaban todas a chorar cos seus panos de man, pero os Cupidos tiveron unha estupenda idea.

-Construamos unha casa ao seu redor! -berraron, e todo o mundo comprendeu que era iso o que tiñan que facer.

Nun intre, centos de fadas leñadoras apareceron entre as pólas, os arquitectos correron ao redor de Maimie para a medir, apareceu un obradoiro aos pés da nena, setenta e cinco albaneis correron coa primeira pedra e a Raíña deitouna. Indicóuselles aos observadores que mantivesen fóra os nenos, levantaron estadas, o lugar vibrou co son dos martelos e

os ciceis, os tornos e, por fin, o tellado estivo feito e os cristaleiros puideron colocar as xanelas.

A casa era exactamente do tamaño de Maimie, e completamente adorable. Un dos seus brazos estaba estendido e isto foi un pequeno problema, pero construíron unha galería que levaba ata a porta principal. As xanelas eran do tamaño das ilustracións de cores dos libros e aínda que a porta era pequena podíase saír polo tellado. As fadas, como era o seu costume, bateron palmas fascinadas da súa intelixencia e quedaron tan namoradas da pequena casiña que non querían asumir que estaba rematada, así que lle deron moitos toques extra e aínda despois engadiron máis detalles.

Por exemplo, dúas delas buliron cunha escada e puxeron unha cheminea.

-Agora xa debe estar rematada... -dixeron resignadas.

Pero non, porque outras dúas subiron pola escada e ataron algún fume á cheminea.

-Isto, definitivamente, é o remate perfecto -dixeron exultantes.

-Diso nada! -dixo un lucecú- Se esperta e non ve unha lampadiña de noite pódese asustar, así que eu quedarei con ela.

-Espera un momento -dixo unha oleira- Fareite unha palmatoria.

Agora si, estaba completa e absolutamente rematada.

Non o estaba, non.

-Meu deus! -berrou o cerralleiro- A porta non ten pomo! -e púxolle un.

Un ferraxeiro engadiu unha espátula e unha vella correu cunha pequena alfombra, os carpinteiros viñeron cun cubo para a chuvia e os decoradores insistiron en pintalo.

Rematada por fin!

-Rematada? Como vai estar rematada se non ten auga fría nin quente? -dixo o fontaneiro con retranca, e puxo auga fría e auga quente. Entón chegou unha armada de xardineiros con carros de fadas con pequenos sachos e sementes e bulbos para os invernadoiros. E en nada tiñan un xardín de flores á dereita do camiño e un xardín de vexetais á esquerda, e rosas e clementinas nos muros da casa e en menos de cinco minutos xa estaban todas en flor.

Que bonita estaba agora a casa! Pero agora estaba rematada si ou si e tiñana que deixar para volver ao baile. Todos botaron un bico antes de marchar e a última en marchar foi Brownie. Quedou un pouco atrasada para botar un soño bonito pola cheminea.

Durante toda a noite a preciosa casiña permaneceu aquí entre as Figueiras a coidar de Maimie e ela sen o saber. Durmiu ata que se lle acabou o soño e espertou cunha agradable sensación acolledora xusto cando rompía o día e logo volveu durmir e berrou “Tony!” porque pensou que estaba na súa habitación e como Tony non respondeu, sentou e deu coa cabeza no teito que se abriu coma unha caixa e viu que ao seu redor se estendían os Xardíns de Kensington cubertos pola neve. E como non estaba na súa habitación, preguntouse se de verdade era ela; así que petiscou as meixelas e soubo que si, que era ela e lembrou que estaba no medio dunha grande aventura. Lembrou todo o que sucedera dende que se pecharan as portas ata que escapou das fadas, pero entón como chegara a ese lugar tan estraño? Saíu polo tellado e atravesou o xardín e viu a preciosa casiña onde tiña pasado a noite e gustoulle tanto que non podía pensar en nada máis.

-Ostras! Vaia! Que linda! -exclamaba.

Talvez a voz humana asustase á casiña ou talvez fíxolle saber que xa cumprira co seu deber, porque tan pronto como Maimie falou a casa comezou a se facer máis e máis pequena e o facía tan devagar que ela apenas podía ver que estaba encollendo ata que xa non cabía dentro. Seguía a parecer igual de completa ca antes, pero máis e máis miúda, igual que o xardín. E a neve comezou a se achegar cubrindo a casa e o xardín. Agora a casa tiña o tamaño dunha caseta para cans, e agora a dunha pequena arca de Noé, pero aínda podías ver o seu fume e o seu pomo e as rosas no muro, todas e cada unha. O

lucecú estaba a desaparecer tamén, pero aínda estaba alí. “Non, por favor, non marches!”, exclamou Maimie caendo de xeonllos mentres a casiña tiña o tamaño dun carrete de fío, mesmo estando enteira.

Ela estendeu os brazos suplicante mentres a neve chegaba de todas partes para se reunir e onde estivera a pequena casiña xa só quedaba unha mancha de neve.

Maimie pateouno enfadada e levou as mans aos ollos para secar as bágoas cando escoitou unha voz que dicía:

-Non chores, fermosa humana, non chores.

Entón volveuse e viu un fermoso rapaz espido que a miraba cos seus ollos encantadores. E entón soubo que ese tiña que ser Peter Pan.

VI

A CABRA DE PETER

Maimie estaba un pouco cortada, pero Peter non sabía o que era a vergoña.

-Espero que pasaras unha boa noite -dixo moi serio.

-Grazas -contestou ela- Estaba quentiña e ben a gusto. Pero ti... -e fixouse en que estaba espido- non tes un pouco de frío?

Frío era outra Palabra que Peter esquecera, así que contestou:

-Non o creo pero pode que me equivoque. Son un pouco ignorante. Non son exactamente un neno. Salomón dixo que son un Metade disto e Metade daquilo.

-Así que así é como se chama -dixo Maimie pensativa.

-Ese non é o meu nome -explicoulle el- O meu nome é Peter Pan.

-Seino. Todo o mundo o sabe.

Non podes nin imaxinar o contento que se puxo Peter ao saber que a xente de fóra das portas falaba del. Pedíulle a Maimie que lle dixera o que sabía e o que dicían del. E ela fíxoo. Estiveron sentados nunha árbore caída. Peter limpou a neve para Maimie pero el sentou nunha parte con algo de neve.

-Achégate máis -díxolle Maimie.

-E iso que é? -preguntou el. Ela fixo o ademán e ela repetiuno. Estiveron a falar e descubriron que a xente sabía moitas cousas sobre el pero non todo. Por exemplo, non sabían que el volvera xunto a súa nai e fora desterrado e el non llo dixo a Maimie porque aínda lle doía.

-Sabes que xogo exactamente igual que os nenos de verdade? -preguntou con moito aparato- Oh, Maimie, dílo!

Pero cando lle contou como xogaba el, facendo navegar o seu aro na Poza Redonda e iso, ela quedou abraiada.

-Todos os teus xogos teñen algo mal -dixo fixando os seus grandes ollos nel- e non se parecen en nada a como xogan os nenos.

O pobre Peter tentou facer un pequeno reproche e chorou por primeira vez en moito tempo. Maimie sentía moita pena del e prestoulle o seu pano de man, pero el non sabía que facer con el, así que ela llo explicou, é dicir, limpou os seus propios ollos con el e despois devolveullo dicindo “Agora faino ti”, pero en vez de limpar os ollos con el, limpou os dela e ela pensou que era mellor facer como que era iso o que ela tentara dicir.

Conmovidada pola mágoa díxolle:

-Douche un bico se queres.

Pero a pesar de que algún día o soubo, el esquecera xa había moito tempo o que eran os bicos, así que contestou “Grazas” e estendeu a man pensando que ela se ofrecera a poñer algo nela. Ao principio ela quedou moi sorprendida pero pensou que non o podía explicar sen avergoñalo, así que, con moita delicadeza e elegancia, deulle a Peter un pequeno dedal que tiña por casualidade no peto coma se fose un bico. Pobre rapaz! Creu todo o que lle dicía e a día de hoxe aínda leva o dedal no dedo aínda que probablemente sexa a persoa que menos precise un. Como vedes, mesmo se aínda era un neno, pasaran moitos anos dende que fora ver á súa nai e atreveríame a dicir que o neno que ousou suplantalo debía de ser xa un home feito e dereito.

Pero non debes pensar en Peter Pan coma alguén a quen lle ter mágoa, senón coma a alguén a quen admirar. Se Maimie comezara sentindo iso, pronto se decatou de que estaba moi equivocada. Os seus ollos brillaron de admiración cando lle contou as súas aventuras, especialmente como fora da illa ata os xardíns no Niño de Tordo.

-Que romántico! -exclamou ela, pero esa era outra palabra descoñecida e el pensou que ela o estaba a criticar.

-Supoño que Tony nunca fixo iso... -dixo humildemente.

-Nunca! -contestou ela moi convencida- Tería medo.

-Que é medo? -preguntou el que pensaba que debía de ser unha cousa fantástica- Quero que me ensines a ter medo, Maimie -dixo.

-Non penso que ninguén che poida ensinar iso a ti -contestou ela amablemente. Pero Peter pensou que significaba que era estúpido. Ela faloulle de Tony e de todas as cousas retorcidas que ela facía na escuridade para asustalo (ela sabía moi ben que eran cousas retorcidas) pero Peter entendeuno todo mal e dixo:

-Raios! Como me gustaría ser tan valente coma Tony

Isto enfadouna un pouco.

-Es máis de vinte mil veces máis valente que Tony! -dixo- Ti es o neno máis valente que coñezo!

El pensou que ela non falaba en serio, pero cando se decatou de que si aturuxou de xúbilo.

-E se tes moitas ganas de me dar un bico, permítocho -dixo Maimie.

Con moito receo Peter comezou a sacar o dedal do dedo, pensando que quería que llo devolvese.

-Non quixen dicir un bico! -dixo ela rapidamente- Referíame a un dedal.

-E iso que é?

-É isto -dixo, e bicouno.

-Encantaríame darche un dedal -dixo Peter con moita seriedade.

E deullo. Deulle moitos dedais e entón unha idea brillante fíxose sitio na súa cabeza.

-Maimie -dixo- queres casar comigo?

Por raro que pareza, esa mesma idea estaba tamén na cabeza de Maimie.

-Encantaríame -contestou- Pero haberá sitio para os dous no teu bote?

-Se te achegas ben... -dixo el

-E non se enfadarán os paxaros?

El asegurou que os paxaros ían estar encantados, aínda que non estaba de todo seguro. Tamén lle dixo que había poucos paxaros no inverno.

-Aínda que, por suposto, queren a túa roupa -tivo que admitir.

Isto, dalgún xeito, indignábaa.

-Eles están sempre a pensar nos seus niños -desculpounos- e algunha das túas prendas... -dicía mentres acariñaba o armiño do pescozo do seu abrigo- ...poderíalles gustar moito.

-Pois non van ter o meu abrigo -dixo ela cortante.

-Non -dixo el dixo el aínda acariñándoo- Oh, Maimie -dixo de súpeto- Sabes por que te quero tanto? Porque es coma un niño precioso!

Iso tamén fixo que ela se anoxase.

-Penso que agora estás a falar máis coma paxaro que coma neno -dixo botándose para atrás, e efectivamente agora el parecíase máis a un paxaro.

-Despois de todo -dixo ela- só es un Metade disto e Metade daquilo -mais logo viu o moito que o mancara con esas palabras, engadiu- o que debe ser marabilloso.

-Ven e sé un, entón, querida Maimie –suplicoulle.

E foron buscar o bote porque xa ía ser Hora de Abrir as Portas

-E non te parece en nada a un niño -murmurou para a satisfacer.

-Pero penso que é bonito ser coma un -dixo a muller de forma contraditoria- E, Peter, meu ben, aínda que non lles podo dar o meu abrigo, pódolles deixar construír nel. Sería divertido ter un niño no meu pescozo con pequenos ovos dentro! Oh, Peter! Sería tan lindo!.

Pero cando se ían achegando á Serpentina, ela tremeu un pouco e dixo:

-Por suposto, iría ver á miña nai moitas veces. Non é coma se me despedise da miña nai para sempre. Non é así.

-Claro que non -contestou Peter.

Pero non fondo do seu corazón sabía que si era así e diríallo se non fose polo seu medo a perdela. Queríaa tanto que non podía vivir sen ela. “Esquecerase da súa nai co tempo e será feliz comigo”, pensou e meteulle présa dándolle dedais polo camiño.

Pero mesmo cando viu o bote e dixo o bonito que era, aínda falaba trémula sobre a súa nai.

-Sábelo, verdade Peter? Eu non iría se non estivese segura de que podería volver coa miña nai sempre que quixese. Dimo, Peter -dicía.

E el dicíallo, pero sen lle poder mirar á cara.

-Se estás segura de que a túa nai vaite querer sempre... -engadiu secamente unha das veces..

-E logo como non me vai querer sempre! -berrou ela cos ollos acendidos.

-Se non te desterra -dixo Peter bruscamente.

-A Porta vai estar sempre, sempre aberta para min -replicou ela- e a miña nai estará sempre a esperar por min.

-Entón -dixo Peter non sen remorsos- ven se estás tan segura.

E axudou a Maimie a entrar no Niño de Tordo.

-Pero por que non me miras? -preguntou agarrándoo do brazo.

Peter intentou non mirar para ela e escapar, deu un empurrou, pegou un salto e sentou moi triste na neve.

Ela achegouse a el.

-Que pasa, querido Peter? -preguntou.

-Oh, Maimie -chorou- non é xusto que te leve comigo se pensas que podes volver! A túa nai... -tragou saliva- Non as coñeces tan ben coma min.

E entón contoulle a horrible historia de como o deixaran fóra da casa. E ela tentaba protestar timidamente todo o tempo.

-Pero a miña nai... a miña nai... -dicía.

-Debería, seino -dixo Peter- Son todas iguais. Atreveríame a dicir que xa debe de estar buscando outra.

-Non o podo crer -dixo finalmente Maimie- É que cando ti marchaches da casa, a túa nai non tiña ningún, pero a miña ten a Tony e debe de estar satisfeita de ter un.

Peter replicou amargamente:

-Deberías ver as cartas que ten Salomón das que son nais de seis.

Entón comezaron a escoitar un ruxerruxe por todos os Xardíns. Era a Hora da Apertura das Portas e Peter saltou nervioso dentro do bote. Sabía que Maimie non ía marchar con el agora e tentaba ser valente e non chorar. Pero Maimie choraba e saloucaba.

-Igual xa é demasiado tarde -dicía doída- Oh, Peter, e se xa ten outra.

Saltou a terra de novo como se ela o chamase.

-Vireite buscar esta noite -díxolle achegándose- pero se te dás présa eu penso que aínda chegas a tempo.

Entón deulle o último dedal no seus doces beizos e cubriu a cara para que non o vise marchar.

-Peter! - dixo ela.

-Maimie! - dixo el traxicamente.

Ela saltou aos seus brazos coma se fose unha clase de voda de fadas e marchou correndo. Como buliu para chegar ás portas!

Esa mesma noite, podes estar seguro, Peter volveu aos Xardíns logo que soou a Hora do Peche; pero non encontrou a Maimie e soubo que ela chegara a tempo. Durante moito tempo agardou que ela volvесе algunha noite e ás veces pensaba que a vira esperándoo

no outeiro da Serpentina cando baixaba á terra. Pero Maimie nunca volveu. Quería, pero temía que se volvía ver ao seu querido Metade disto e Metade daquilo quedaría con el demasiado tempo, e ademais a aia non lle sacaba o ollo de enriba. Pero falaba amorosamente de Peter moi a miúdo e coseu unha funda de teteira para el. E un día que se estaba a preguntar que lle gustaría coma agasallo de Pascua, a súa nai fíxolle unha suxestión.

-Nada no mundo -dixo ela despois de moito pensar- seríalle tan útil coma unha cabra.

-Podería montar nela! -berrou Maimie -e tocar a fruta ao mesmo tempo.

-Entón -preguntou a súa nai - por que non lle regalas a túa cabra, coa que asustas a Tony polas noites?

-Pero non é unha cabra de verdade -dixo Maimie.

-A Tony parécelle moi real -contestou a súa nai.

-Tamén a min -admitiu Maimie -pero como lla dou a Peter?

A súa nai sabía como. O día seguinte, foron aos Xardíns acompañadas de Tony (que era un rapaz moi guapo, pero, por suposto, non se podía comparar con Peter) e Maimie permaneceu soa dentro dun círculo das fadas mentres a súa nai que era moi enxeñosa, dixo:

-Miña filla, dime xa, Que tes para Peter Pan?

Ao que Maimie contestou:

-Teño unha cabra para que a monte. O meu conxuro é grande e forte.

Entón ela levantou os brazos coma se estivese a sementar algo e deu tres voltas.

E Tony dixo:

-Se Peter a atopa aquí. Como me vai asustar a min?

E Maimie respondeu:

-De día e de noite eu xuro, non ver máis cabras nin un segundo.

Tamén lle deixou unha carta a Peter nun lugar axeitado, explicándolle o que fixera e dicíndolle que lles pedise as fadas que lle fixeran unha cadeira de montar. E todo foi como ela esperaba. Peter atopou a carta e nada era máis doado que lle pedir ás fadas que convertesen a cabra nunha de verdade e así foi como Peter conseguiu a cabra na que da paseos montado todas as noites mentes toca a fruta. E Maimie cumpriu a súa promesa e nunca máis asustou a Tony coa cabra, aínda que escoitei que creou outro animal.


Ata que foi unha nena grande seguiu a deixar agasallos para Peter nos xardíns (con cartas onde explicaba como xogaban os humanos con eles) e non é a única que o fixo. David tamén o fai, por exemplo, e el e mais eu sabemos cal é o mellor sitio para os deixar, e diréivolo se queredes, pero, por favor non preguntedes diante de Porthos, porque lle gustan tanto os xoguetes que é quen de atopar o sitio e collelos todos.

Cada vez que Peter lembra a Maimie, échese de ledicia e ás veces coa ledicia brinca da súa cabra case sen tocar a herba. Que ben o pasa! Pero aínda ten unha vaga lembranza de que unha vez foi humano e iso fai que sinta máis aprecio polas andoriñas que visitan a illa. Porque as andoriñas son as almas dos nenos que morreron. Sempre constrúen os niños nas casas onde vivían cando eran humanos, ás veces, tentan entrar pola xanela da habitación dos nenos e quizais é por isto que son os paxaros aos que máis quere Peter.

E a casiña? Todas as noites que poden (é dicir, todas as noites excepto as que hai baile) as fadas constrúen unha pequena casiña por se hai algún neno perdido nos xardíns, e Peter encabeza a marcha na súa busca e se os atopa, lévaos á casa na súa cabra e cando espertan están dentro e teñen que saír para a ver. As fadas constrúen a casas, simplemente porque son moi bonitas. Pero Peter, dá voltas coa cabra ao redor lembrando a Maimie (e tamén porque aínda lle encanta facer o que el pensa que fan os nenos de verdade).

Pero non debes pensar que porque nalgún lugar entre as árbores brilla a casiña, é seguro quedar nos xardíns despois da Hora do Peche. Se as fadas malas saen esa noite poderíanvos mancar e mesmo se non o fan, poderíades morrer de frío antes de que Peter Pan chegue. Ás veces é demasiado tarde... E cando ve que así foi, corre ao seu Niño de Tordo a buscar o seu remo (do que Maimie lle explicou o seu verdadeiro uso) e cava pequenas tumbas para os nenos, con pequenas lápidas e grava as iniciais dos pequenos nela. Faino porque cre que é o que farían os nenos de verdade, e teste que dar de conta das pilas de pedras e que sempre están de dúas en dúas. Ponas de dúas en dúas porque lle parece menos solitario.

Creo que a parte máis entenredora dos xardíns son as dúas lápidas de Walter Stephen Matthews e Phoebe Phelps. Están onde a parroquia de Santa María de Westminster coincide coa de Paddington. Alí atopou Peter a dous bebés que caeran sen que ninguén se decatase dos seus carriños. Phoebe tiña trece meses e Walter fose probablemente menor, e por iso Peter tivo a delicadeza de non poñer as idades na pedra. Deitados un a carón do outro, a simple inscrición di:



Ás veces David leva flores brancas ata as dúas tumbas inocentes.

Pero debe ser moi duro para os pais cando entran correndo nos xardíns nada máis se abren as portas para buscar o seu cativo perdido e atopan a súa pequena tumba no seu lugar...

Espero que Peter non teña demasiado traballo coa súa pa!

Todo isto é un pouco triste...